



PROGRAMACIÓN DE CICLO

2º CICLO E.P.

CURSO 2013-2014

C.E.I.P. AGRO DO MUÍÑO

ORTOÑO, AMES, A CORUÑA



EQUIPO DO 2º CICLO

INTEGRANTES:

1º NIVEL.

3º A - M^a Luisa Villar Carril (Coordinadora de nivel)

3º B - M^a José Lois Bascoy

3º C- M^a de los Ángeles Pousa Díaz

2º NIVEL:

4º A - M^a Carmen Liñares Liñares (Coordinadora de nivel)

4º B - M^a Clara Puñal Rey (Coordinadora de ciclo)

Pedagogía Terapéutica: Elena González Carracedo

Audición e Linguaxe: M^a Carmen Fernández Cardeso

Profesora de Relixión: M^a Rosario Rodríguez Gregori



INDICE

1. LINGUA GALEGA

- **OBXECTIVOS**
- **CONTIDOS**
 - ✓ TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN
- **CONTRIBUCIÓN DA LINGUA GALEGA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
 - ✓ DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA
 - ✓ CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA GALEGA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- **CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

2. LINGUA CASTELÁ

- **OBXECTIVOS**
- **CONTIDOS**
 - ✓ TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN
- **CONTRIBUCIÓN DA LINGUA CASTELÁ AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
 - ✓ DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA
 - ✓ CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- **CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

3. MATEMÁTICAS

- **OBXECTIVOS**
- **CONTIDOS**
 - ✓ TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN
- **CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
 - ✓ DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA
 - ✓ CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- **CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

4. COÑECEMENTO DO MEDIO

- **OBXECTIVOS**
- **CONTIDOS**
 - ✓ TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN
- **CONTRIBUCIÓN DO COÑECEMENTO DO MEDIO AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
 - ✓ DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO
 - ✓ DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ
 - ✓ CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- **CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**



5. EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA – MÚSICA

- **OBXECTIVOS**
- **CONTIDOS**
 - ✓ TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN
- **CONTRIBUCIÓN DA EDUCACIÓN ARTÍSTICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
 - ✓ DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA
 - ✓ CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- **CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

6. INGLÉS

- **OBXECTIVOS**
- **CONTIDOS**
 - ✓ TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN
- **CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE INGLÉS AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- **CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

7. EDUCACIÓN FÍSICA

- **OBXECTIVOS**
- **CONTIDOS**
 - ✓ TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN
- **CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO LOGRO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- **CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

8. RELIXIÓN CATÓLICA

- **OBXECTIVOS**
- **CONTIDOS**
 - ✓ TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN
- **CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA AO LOGRO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- **CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**



9. INCORPORACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES DEMOCRÁTICOS COMO CONTIDO TRANSVERSAL

10. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

11. AVALIACIÓN

- ✓ AVALIACIÓN. UN PROCESO INTEGRAL
- ✓ AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE DE ALUMNOS
- ✓ AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE
- ✓ AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DE AULA

12. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

13. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

14. ITEMS DA AVALIACIÓN INICIAL

15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

16. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

17. MEDIDAS PARA O FOMENTO DA LECTURA

18. MEDIDAS PARA A INCORPORACIÓN DAS TIC Ó TRABALLO DE AULA

19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

20. AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN



1. LINGUA GALEGA

OBXECTIVOS

1. Participar en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversa, expresión espontánea, asemblea, debate) e a diversos obxectivos comunicativos, respectando as normas que rexen estas situacións.
2. escoitar e comprender textos orais de uso cotián, extraendo o senso global das mensaxes orais. Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan as nenas e os nenos atendendo a sinais relevantes como o ton de voz, a entoación, os xestos, e formulando preguntas coherentes que axuden á comprensión.
3. Producir textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emo, feitos, vivencias e opinións.
4. Memorizar e reproducir textos orais sinxelos (poemas, cancións, adiviñas, trabalínguas...) propios da literatura popular galega empregando a pronuncia e entoación adecuadas.
5. Interpretar e comprender as ideas contidas nos textos escritos habituais (expositivos, informativos, instrutivos e literarios), tanto en formato impreso como multimedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento.
6. Elaborar e reescribir textos escritos de diferente tipoloxía e formato (impreso ou multimedia) acordes a diversas situacións funcionais cotiás (cartas, avisos, solicitudes, instrucións, normas, anuncios, noticias) empregando estratexias de planificación, de textualización e de revisión de escritos.
7. Ler expresivamente textos de tipoloxía variada (entre os traballados e/ou elaborados na aula) con fluidez e entoación adecuadas vinculadas á puntuación e á intencionalidade e coa velocidade apropiada segundo o tipo de texto e o obxectivo lector (ler para deleitar outras persoas, ler para dar a coñecer un texto propio, ler para compartir información dun texto único na aula).
8. Coñecer textos de literatura infantil galega (poesía, cómics, contos...) adecuados ao ciclo, coa finalidade de desfrutar coa lectura e de uso como modelo para as propias reescrituras, reelaboracións e producións escritas.
9. Empregar as bibliotecas de aula e de centro con certa autonomía, como fonte de información e como lugar que proporciona recursos relacionados coa lectura por pracer.
10. Mostrar unha actitude crítica cara os termos e usos que poidan supoñer discriminación e buscar expresións alternativas para substituílos.
11. Comparar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega, apreciar a existencia doutras linguas e desenvolver unha actitude positiva cara elas.
12. Reflexionar sobre como algúns cambios nas palabras, enunciados e textos producen modificacións comprensivas e expresivas.
13. Utilizar, de xeito intuitivo, terminoloxía relacionada coa tipoloxía textual, os tempos verbais (presente, futuro e pasado), os adxectivos cualificativos, os determinantes e algúns aspectos relativos á semántica, como antónimos e sinónimos, cando se realicen actividades de comprensión e de expresión orais e escritas.
14. Aficciónase á lectura para divertirse e coñecer un mundo distinto de aventuras e descubrir que é un medio para adquirir información ao mesmo tempo que lle serve para perfeccionar e enriquecer a súa lingua; achegarse á literatura para desenvolvere a sensibilidade estética e estimular a imaxinación.
15. Coñecer e analizar os elementos característicos dos medios de comunicación e observar as mensaxes non explícitas destes medios.
16. Valorar e estimar a lingua galega e usala como medio de transmisión na súa vida cotiá.



CONTIDOS – TEMPORALIZACIÓN : 3º NIVEL

UNIDADE 1: UNHA PESADA DOENZA

CONTIDOS

- A saúde.
- A comunicación.
- O son **k**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Unha pesada doenza*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Análise de distintos xeitos de comunicarse.
- Aplicación da norma ortográfica correcta para representar o son **k**.
- Separación dun texto en parágrafos a partir das pautas dadas.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades sobre unha gráfica.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola lectura coma forma de lecer.
- Fomento da autoestima e do respecto cara aos demais.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.ª quincena de outubro.



UNIDADE 2: ISOLINA E AS CROQUETAS

CONTIDOS

- O restaurante.
- A lingua.
- O uso de **g** e **gu**. A diérese.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Isolina e as croquetas*.
- Elaboración dunha Ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación das linguas máis comúns no noso contorno.
- Aplicación da norma de uso de **g**, **gu** e **gü** e realización dun ditado.
- Recoñecemento dos obxectos mencionados nun texto que escoitou e elaboración de instrucións orais para facer unha máscara.
 - Transformación dun texto escrito en terceira persoa nun texto escrito en primeira.
- Aplicación das competencias axeitadas para a resolución de actividades sobre un texto.
- Actitude aberta á hora de probar novos alimentos e novas comidas.
- Respetto polos gustos dos demais.
- Interese por revisar as producións propias co fin de corrixilas e melloralas.

TEMPORALIZACIÓN

- 2.ª quincena de outubro.



UNIDADE 3: O OLFAC TO DE BRAIS

CONTIDOS

- Os sentidos.
- Oracións e palabras.
- O uso de **c** e **z** para representar o son **Z**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *O olfacto de Brais*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación de oracións entre outros tipos de enunciados.
- Aplicación da norma de uso de **c** e **z** para representar o son **Z** e realización dun ditado.
- Recoñecemento do tipo de texto que se escoita e lectura dun texto publicitario coa entoación axeitada.
- Transformación das oracións dun texto de xeito que queden máis curtas e fagan o escrito máis comprensible.
- Utilización das competencias básicas na elaboración dun cartel con textos e imaxes para unha campaña de hixiene.
- Interese por mellorar as producións propias, tanto as orais coma as escritas.
- Respecto polas ideas dos demais.
- Aceptación da crítica construtiva nas actividades en grupo.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.ª quincena de novembro.

UNIDADE 4: UNHA BOA LECCIÓN

CONTIDOS

- Os animais.
- Sons e letras.
- O uso de **r** e **rr** para representar o son **R**, segundo sexa forte ou suave.
- Lectura en silencio en voz alta do texto *Unha boa lección*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación das letras do alfabeto e das correspondencias entre sons e grafías.
- Aplicación da norma de uso de **r** e **rr** para representar o son **R**, segundo sexa forte ou suave, e realización dun ditado.
- Audición dunha conversa e dedución de información a partir dela e formulación de preguntas para obter información.
- Redacción de comentarios persoais sobre o contido dun texto.
- Resolución de cuestión de tipo interdisciplinar a partir dunha páxina da Internet.
- Respecto cara aos animais, tanto domésticos coma salvaxes.
- Aplicación das normas básicas de cortesía en intercambios orais.
- Valoración da escritura como medio para transmitir información e opinión.
- Interese por aprender a utilizar a Internet como fonte de información.



TEMPORALIZACIÓN

- 2.^a quincena de novembro.

UNIDADE 5: UNHAS FLORES ESPECIAIS

CONTIDOS

- As plantas.
- A sílaba.
- O punto.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Unhas flores especiais*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Separación de palabras en sílabas tendo en conta os ditongos.
- Aplicación da norma de uso do punto e realización dun ditado.
- Identificación dos diversos termos empregados nun texto oral para denominar un obxecto e reelaboración dun texto oral para evitar repeticións.
- Redacción dunha entrada de diario persoal.
- Resolución de cuestións de tipo multidisciplinar sobre un experimento.
- Respecto cara ás plantas, tanto silvestres coma cultivadas.
- Interese por mellorar a propia expresión, xa sexa oral ou escrita.
- Valoración da escritura como un instrumento de reflexión persoal.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.^a quincena de decembro.

UNIDADE 6: A LÚA CHEA

CONTIDOS

- A noite.
- O substantivo.
- Os signos de interrogación e de admiración.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *A lúa chea*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Clasificación dos substantivos segundo o seu tipo.
- Escritura de substantivos.
- Aplicación das normas ortográficas de uso dos signos de interrogación e de admiración e realización dun ditado.
- Resumo escrito dun texto a partir dunhas pautas dadas.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades sobre o feito de coñecer outro lugar.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, e por presentar os textos de xeito claro e limpo.
- Gusto pola lectura coma forma de lecer.
- Fomento da autoestima e do respecto polos demais.

TEMPORALIZACIÓN

- 2.^a e 3.^a semanas de xaneiro.



UNIDADE 7: O POTE FENDIDO

CONTIDOS

- A auga.
- O xénero do substantivo.
- O uso do **m** diante de **b** e **p**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *O pote fendido*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Clasificación e escritura dos substantivos segundo o xénero.
- Aplicación da norma de uso do **m** diante de **b** e **p** e realización dun ditado.
- Audición dun texto descritivo dun obxecto e realización da descrición oral dunha persoa.
- Escritura da descrición dunha escena.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades sobre un texto.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola lectura coma unha forma de lecer.
- Fomento da concienciación a respecto da necesidade de aforrar auga.

TEMPORALIZACIÓN

- 4.^a semana de xaneiro e 1.^a semana de febreiro.

UNIDADE 8: O CHAPEU DA BRUXA

CONTIDOS

- O tempo.
- O número do substantivo.
- O uso de **b** diante de **l** e **r**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *O chapeu da bruxa*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Clasificación e escritura dos substantivos segundo o número.
- Aplicación da norma de uso de **b** diante de **l** e **r** e realización dun ditado.
- Audición dun texto en que se expresan unhas ordes e relacionadas coas actividades resoltas correspondentes.
- Expresar oralmente sentimentos en diversos enunciados.
- Elaboración dun texto utilizando palabras diferentes para referirse ao mesmo.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades sobre un texto.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola presentación limpa e clara dos textos propios.
- Fomento da autoestima e do respecto polos demais.

TEMPORALIZACIÓN

- 2.^a e 3.^a semanas de febreiro.



UNIDADE 9: O MONTE BICUDO

CONTIDOS

- A oficina de turismo.
- O artigo e as súas contraccións.
- A partición de palabras.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *O monte Bicudo*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Clasificación e escritura dos artigos segundo o tipo (determinado e indeterminado) e a palabra a que acompañan.
- Partición de palabras ao final da liña e realización dun ditado.
- Audición de intervencións e detección do personaxe segundo os sentimentos que mostren.
- Utilizar a linguaxe co obxecto de chegar a acordos cun compañeiro ou cunha compañeira.
- Redacción dun texto utilizando as ferramentas dun procesador de textos informático.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades sobre a planificación de excursións.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Interese e vontade de chegar a consensos á hora de realizar actividades conxuntas.
- Fomento da autoestima e do respecto polos demais.

TEMPORALIZACIÓN

- 4.ª semana de febreiro e 1.ª semana de marzo.

UNIDADE 10: UN PAR DE DESASTRES

CONTIDOS

- Os materiais.
- Os posesivos.
- A coma.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Un par de desastres*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Escritura dos posesivos diante dos substantivos correspondentes.
- Uso correcto da coma e realización dun ditado.
- Audición de descrições detalladas de obxectos e elaboración da descripción detallada dun obxecto de xeito oral.
- Redacción dunha noticia.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver diversas actividades.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola lectura de textos teatrais como forma de lecer.
- Gusto pola presentación limpa e clara dos textos propios.

TEMPORALIZACIÓN

- 2.ª e 3.ª semanas de marzo (a temporalización desta unidade e das seguintes pode variar dependendo das datas da Semana Santa).



UNIDADE 11: A PROMESA DO INDIO

CONTIDOS

- As persoas e as paisaxes.
- Os demostrativos.
- Palabras con **h**.
- Os son do **x**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *A promesa do indio*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Escritura e clasificación dos demostrativos.
- Escritura de palabras con **h** e realización dun ditado.
- Audición e pronuncia de palabras que conteñan os sons do **x**.
- Elaboración por escrito da descrición dunha persoa.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola lectura coma unha forma de lecer.
- Fomento da autoestima e do respecto polos demais.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.^a quincena de abril.

UNIDADE 12: CAMPO OU CIDADE?

CONTIDOS

- A rúa.
- Os adxectivos.
- Palabras con **b**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Campo ou cidade?*
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación e escritura de adxectivos.
- Identificación e escritura de palabras con **b** e realización dun ditado.
- Audición e solución de adiviñas e explicación oral das preferencias e dos gustos individuais.
- Identificación dos diálogos nun texto escrito e redacción dun texto con diálogos.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola lectura coma unha forma de lecer.
- Fomento da autoestima e do respecto polos demais.

TEMPORALIZACIÓN

- 2.^a quincena de abril.

UNIDADE 13: O PARVO DE XAN

CONTIDOS

- Os traballos
- Os pronomes persoais.
- Palabras con **v**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *O parvo de Xan*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Escritura e clasificación de pronomes persoais.



- Identificación e escritura de palabras con **v** e realización dun ditado.
- Audición e narración oral dunha historia e dunha xogada pódolle emoción.
- Explicación escrita dun proceso utilizando a orde cronolóxica.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades de comparación de paisaxes.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola lectura coma unha forma de lecer.
- Gusto pola correcta presentación dos escritos.
- Fomento da autoestima e do respecto polos demais.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.^a quincena de maio.

UNIDADE 14: OS TRASNOS DOS ARAMES

CONTIDOS

- As máquinas
- O verbo.
- Palabras con **x** e con **s**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Os Trasnos dos Arames*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación, escritura e clasificación de verbos.
- Coñecer e escribir palabras con **x** e **s**.
- Audición e dramatización das escenas dunha historia.
- Clasificación de fórmulas de inicio e fin de textos, e escritura dun texto facendo uso delas.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola dramatización de escenas como forma de comunicación e divertimento.
- Interese pola boa presentación dos escritos e actividades.

TEMPORALIZACIÓN

- 2.^a quincena de maio.

UNIDADE 15: UNHA HISTORIA DE PEDRA

CONTIDOS

- O castelo.
- O tempo verbal.
- Palabras con **x** e con **ll**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Unha historia de pedra*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación, escritura e clasificación de verbos segundo o tempo verbal.
- Coñecer e escribir palabras con **x** e con **ll** e realización dun ditado.
- Audición dun texto e realización de diversas actividades de comprensión.
- Improvisación oral dunha conversa.
- Redacción un conto a partir dunhas indicacións.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades relacionadas co cómic.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola presentación limpa e clara dos textos.
- Interese pola lectura como unha forma de pracer e aprendizaxe.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.^a quincena de xuño.



CONTIDOS – TEMPORALIZACIÓN : 4º NIVEL

UNIDADE 1: O ANIVERSARIO DE ANA

CONTIDOS

- A cociña.
- O substantivo e o adxectivo.
- A acentuación.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *O aniversario de Ana*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Distinción de substantivos e adxectivos.
- Identificación da sílaba tónica.
- Identificación do acento gráfico.
- Audición de textos para identificar e corrixir erros de pronuncia.
- Elaboración dunha programación de actos a partir dun modelo.
- Aplicación de diferentes competencias para interpretar unha pirámide de alimentos.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola lectura como forma de lecer.
- Valoración dunha dieta sa e equilibrada.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.ª quincena de outubro.

UNIDADE 2: AS ORELLAS INDIGNADAS

CONTIDOS

- O corpo.
- Os posesivos.
- O acento nas palabras agudas.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *As orellas indignadas*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación dos posesivos e uso correcto destes aplicando a concordancia co substantivo.
- Aplicación da norma de uso do acento gráfico nas palabras agudas e realización dun ditado.
- Dedución do significado de palabras descoñecidas a partir dunha audición e explicación oral a partir dunha información representada por escrito.
- Preparación, elaboración e revisión dunha invitación a unha festa.
- Aplicación das competencias propias para a resolución de actividades sobre un texto.
- Interese por revisar as producións propias a fin de corrixilas e melloralas.
- Valoración do propio corpo.
- Interese por coidar o corpo.

TEMPORALIZACIÓN

- 2.ª quincena de outubro.



UNIDADE 3: QUE É UN VERTEBRADO?

CONTIDOS

- Os animais vertebrados.
- Os demostrativos.
- O uso do acento gráfico nas palabras graves.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Que é un vertebrado?*
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación dos demostrativos nunha serie de palabras.
- Aplicación da norma de uso do acento gráfico en palabras graves e realización dun ditado.
- Obtención de información a partir dun texto oral.
- Lectura en voz alta dun texto coa pronuncia e coa entoación correcta.
- Interese por aplicar as normas aprendidas ata este momento.
- Respecto polas ideas dos demais.
- Aceptación da crítica construtiva nas actividades en grupo.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.ª quincena de novembro.

UNIDADE 4: MOURIÑO

CONTIDOS

- Os animais invertebrados.
- Os cuantificadores.
- O acento nas palabras esdrúxulas.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Mouriño*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación dos cuantificadores e uso destes mantendo a concordancia co substantivo correspondente.
- Aplicación da norma de uso do acento nas palabras esdrúxulas e realización dun ditado.
- Audición de textos para interpretar emocións a partir do ton e da entoación, e representación dunha conversa telefónica.
- Uso do procesador de textos para mellorar a presentación dun texto.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades sobre o proceso de elaboración dun produto.
- Interese por articular correctamente os sons da lingua.
- Valoración da importancia da linguaxe non verbal.
- Interese por conseguir unha boa presentación dos traballos.

TEMPORALIZACIÓN

- 2.ª quincena de novembro.



UNIDADE 5: O EQUILIBRIO NATURAL

CONTIDOS

- O mar.
- O verbo.
- As maiúsculas.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *O equilibrio natural*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación dos verbos dun texto e da conxugación a que pertencen.
- Aplicación das normas ortográficas de emprego das maiúsculas e realización dun ditado.
- escoita atenta de textos e busca rápida de sinónimos nun discurso oral.
- Elaboración dun cartel publicitario.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades a partir de sinais de prohibición.
- Actitude atenta na audición de textos orais.
- Valoración dos textos expositivos como fonte de información.
- Respecto polo medio natural e, sobre todo, polos espazos protexidos.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.^a quincena de decembro.

UNIDADE 6: UN MUNDO DIFERENTE

CONTIDOS

- A clase.
- O número e a persoa nos verbos.
- Palabras con **h**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Un mundo diferente*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Clasificación das formas verbais segundo o número e a persoa.
- Aplicación das normas ortográficas de escritura de palabras con **h** e realización dun ditado.
- Pronuncia correcta dos sons dos grupos **bs, ct, gn, ns** e **tl**.
- Elaboración dunha definición.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades a partir da observación e do coñecemento do propio territorio.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola linguaxe poética.
- Respecto polas diversas culturas do mundo.
- Valoración do colexio como un lugar para aprender e compartir.
- Interese por coñecer o territorio de onde vén.

TEMPORALIZACIÓN

- 2.^a e 3.^a semanas de xaneiro.



UNIDADE 7: UNHA PAISAXE MOVIDA

CONTIDOS

- O bosque.
- Os tempos verbais.
- As palabras con **b**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Unha paisaxe movida*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Clasificación dos verbos atendendo ao tempo ao que pertencen.
- Aplicación das normas ortográficas de escritura de palabras con **b** e realización dun ditado.
- Comprensión auditiva de indicacións para localizar obxectos e expresión oral de itinerarios.
- Uso axeitado de enlaces para relacionar as ideas dun texto.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades a partir de fotografías de paisaxes.
- Interese pola lectura e polos aspectos paratextuais que acompañan o texto.
- Gusto polos museos e as obras de arte.
- Interese por coñecer paisaxes de Galicia.

TEMPORALIZACIÓN

- 4.^a semana de xaneiro e 1.^a semana de febreiro.

UNIDADE 8: A VIAXE DO AVÓ

CONTIDOS

- A localidade.
- A primeira conxugación.
- As palabras con **v**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *A viaxe do avó*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación dos verbos da primeira conxugación e análise das formas verbais.
- Aplicación das normas ortográficas de escritura de palabras con **v** e realización dun ditado.
- Comprensión de instrucións orais e recitación dun poema coa entoación axeitada.
- Elaboración do índice dun traballo.
- Aplicación de diferentes competencias para resolver actividades a partir dun plano.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto polos textos poéticos.
- Respecto polos inmigrantes e comprensión da súa situación.
- Valoración da diversidade cultural como fonte de riqueza.

TEMPORALIZACIÓN

- 2.^a e 3.^a semanas de febreiro.



UNIDADE 9: AS CEREIXAS

CONTIDOS

- A horta.
- A segunda conxugación.
- Os verbos terminados en **-ber** e **-ver**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *As cereixas*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación e análise de formas verbais da segunda conxugación.
- Aplicación das normas ortográficas dos verbos acabados en **-ber** e **-ver** e realización dun ditado.
- Audición de anuncios publicitarios para obter información a partir deles e elaboración dunha entrevista oral a un personaxe.
- Revisión e corrección dun texto.
- Aplicación de diferentes competencias para analizar etiquetas de produtos.
- Interese por corrixir os textos propios.
- Gusto pola lectura como forma de lecer.
- Valoración da importancia das hortas.
- Respecto polos labores do campo.

TEMPORALIZACIÓN

- 4.^a semana de febreiro e 1.^a semana de marzo.

UNIDADE 10: UNHA DOBRE LECCIÓN

CONTIDOS

- A tenda de roupa.
- A terceira conxugación.
- Os verbos acabados en **-bir** e **-vir**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Unha dobre lección*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación e análise de formas verbais da terceira conxugación.
- Aplicación das normas ortográficas dos verbos acabados en **-bir** e **-vir** e realización dun ditado.
- Memorización de datos a partir dun discurso oral e descrición oral de obxectos.
- Elaboración dun traballo da clase.
- Aplicación de diferentes competencias para interpretar mensaxes publicitarias.
- Interese por aplicar as normas ortográficas aprendidas.
- Interese por elaborar bos traballos da clase.
- Gusto polo teatro como xénero literario.
- Respecto polas normas de convivencia.
- Actitude crítica ante as mensaxes publicitarias.

TEMPORALIZACIÓN

- 2.^a e 3.^a semanas de marzo (a temporalización desta unidade e das seguintes pode variar segundo as datas da Semana Santa).



UNIDADE 11: A DESCUBERTA DE TINO

CONTIDOS

- A casa dos avós.
- Os verbos **ser** e **ir**.
- Palabras con **ex-** e con **es-**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *A descuberta de Tino*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Aplicación das normas ortográficas das palabras con **ex-** e con **es-** e realización dun ditado.
- Recoñecemento e discriminación dos sons das grafías **n/nh**, **r/rr**, **s/x** e **ll/i**.
- Redacción dun texto para expresar sentimentos.
- Aplicación de diferentes competencias para coñecer a historia dos obxectos actuais.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Valoración da escritura como medio para expresar emocións.
- Gusto pola lectura como unha actividade de lecer.
- Respecto polas persoas maiores.
- Curiosidade pola orixe e pola historia dos inventos.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.^a quincena de abril.
-

UNIDADE 12: O CASTRO DE REBORDELO

CONTIDOS

- A escavación arqueolóxica.
- Os adverbios.
- Palabras con **i** e con **ll**.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *O castro de Rebordelelo*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Identificación e formación de adverbios.
- Aplicación das normas ortográficas para a escritura de palabras con **i** e con **ll** e realización dun ditado.
- Expresión oral de opinións.
- Redacción dun texto descritivo.
- Aplicación de diferentes competencias na visita ao Museo de Prehistoria.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Interese por aplicar as normas que se aprenderon durante o curso.
- Decisión para afrontar os problemas e tentar resolvelos.
- Curiosidade por coñecer a orixe e a historia dos inventos.
-

TEMPORALIZACIÓN

- 2.^a quincena de abril.



UNIDADE 13: A TORRE DE HÉRCULES

CONTIDOS

- O museo.
- Os enlaces.
- As contraccións.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *A torre de Hércules*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Realización de oracións cos enlaces correspondentes.
- Aplicación das normas de formación das contraccións e realización dun ditado.
- Reconstrución de mensaxes orais e lectura dunha historia con tons diferentes.
- Uso de recursos estilísticos, como a personificación, nun texto.
- Aplicación de diferentes competencias para descubrir pegadas do pasado.
- Interese por enlazar as ideas dun texto e obter textos máis cohesionados.
- Valoración da creatividade na escritura.
- Valoración dos museos como lugares en que se conserva a historia.
- Curiosidade por descubrir o pasado.
- Valoración do patrimonio cultural galego.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.ª quincena de maio.

UNIDADE 14: O MISTERIO DOS ZAPATOS

CONTIDOS

- O barco.
- A oración: suxeito e predicado.
- Os dous puntos.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *O misterio dos zapatos*.
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Realización de oracións co suxeito ou co predicado correspondente.
- Identificación das funcións básicas dos dous puntos e realización dun ditado.
- Distinción entre feitos e opinións, e narración colectiva de historias.
- Composición de versos.
- Aplicación de diferentes competencias para descubrir pegadas do pasado.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Gusto pola lectura como unha actividade de lecer.
- Denuncia das situacións inxustas.
- Autonomía persoal para facer fronte aos problemas e buscar solucións.
- Valoración da linguaxe poética.
- Curiosidade polas embarcacións antigas.
-

TEMPORALIZACIÓN

- 2.ª quincena de maio.



UNIDADE 15: COÑECEMOS A TELEVISIÓN!

CONTIDOS

- O estudio de televisión.
- Clases de oracións.
- Os puntos suspensivos.
- Lectura en silencio e en voz alta do texto *Coñecemos a televisión!*
- Elaboración dunha ficha sobre a lectura.
- Obtención de información a partir de imaxes e de textos.
- Clasificación de oracións segundo a intención do falante.
- Identificación das funcións básicas dos puntos suspensivos e realización dun ditado.
- Memorización de datos auditivos e formulación de preguntas axeitadas para adiviñar información oculta.
- Composición de poemas.
- Aplicación de diferentes competencias para analizar programacións televisivas.
- Interese por expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito.
- Valoración dos textos expositivos como fonte de información.
- Valoración dos avances científicos e tecnolóxicos.
- Desenvolvemento do sentido crítico ante os programas televisivos.

TEMPORALIZACIÓN

- 1.^a quincena de xuño.

CONTRIBUCIÓN DA LINGUA GALEGA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno/a debe...

Ser capaz de manifestar interese pola lectura e a escritura como instrumentos para relacionármonos cos demais e para aprender.

Ao longo do ciclo os alumnos comprenderán que a lectura e a escritura son as ferramentas básicas que calquera persoa debe dominar para poder mellorar a aprendizaxe e que as súas producións orais e escritas son instrumentos de relación social, que lles permiten interactuar cos demais.

Ser capaz de comprender e producir mensaxes orais que teñen unha finalidade didáctica ou son de uso cotián.

No segundo ciclo os nenos aprenderán a expresarse oralmente con corrección e a comprender mensaxes orais procedentes do seu contorno cotián E dos medios de comunicación social (anuncios, noticias, descrições, entrevistas ...)

Ser capaz de participar activamente en intercambios comunicativos orais respectando as normas que os rexen.

Ao longo do ciclo, os alumnos acostumaranse a comentar, a debater e a chegar a acordos sobre cuestións relacionadas co seu contorno cotián, respectando as normas que rexen a interacción oral



Ser capaz de comprender diferentes clases de textos escritos, incluíndo textos con finalidade didáctica, textos propios de situacións cotiás de relación social ou textos procedentes de medios de comunicación.

Durante o segundo ciclo, os alumnos demostrarán a súa capacidade de comprensión lectora tanto dos que proveñen de medios de comunicación social como os que deben ser obxecto de estudo.

Ser capaz de poñer en práctica os coñecementos e as estratexias necesarias para escribir correctamente.

O estudo, en Gramática, das principais clases de palabras e, en Ortografía, das normas de puntuación ou de acentuación, xunto coas normas ortográficas básicas, contribuirán significativamente á corrección dos textos elaborados polos alumnos.

Ser capaz de escribir textos relacionados co ámbito escolar ou con situacións cotiás de relación social, así como textos de información e de opinión.

Durante este ciclo, os alumnos adquirirán unha serie de técnicas de redacción que poden ser aplicables a calquera escrito (alongar oracións, utilizar enlaces...)

Ser capaz de ler e comprender de forma autónoma textos literarios adecuados á súa idade e aos seus intereses.

Trátase de conseguir que os alumnos valoren os textos literarios como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento e como recurso de goce persoal.

Neste ciclo os nenos acostumaranse a ler e a comprender numerosos textos procedentes da literatura infantil clásica e actual (narrativos, poéticos,etc)

Ser capaz de comprender e utilizar a terminoloxía lingüística propia do ciclo.

Durante este ciclo, os alumnos deberán coñecer e utilizar a denominación dos textos (narración, descrición, poema...), das principais clases de palabras (determinantes, substantivos, verbos...) e dos mecanismos básicos de formación do léxico (derivación, composición...). Esta terminoloxía servirá para reflexionar sobre o aprendido en relación co funcionamento da lingua.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA GALEGA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia para aprender a aprender.

O uso correcto da lingua é unha das ferramentas básicas da aprendizaxe. A lectura posibilita o acceso ao coñecemento, e a escritura permite a súa reelaboración e a súa asimilación persoal. Cuestións como mellorar a velocidade lectora ou a comprensión, así como a correcta expresión dos coñecementos, contribúen ao desenvolvemento desta competencia.

- Desenvolver técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información.
- Facer resumos, esquemas ou mapas mentais.
- Utilizar recursos de carácter lúdico na adquisición de conceptos.
- Desenvolver e aplicar a lóxica para establecer relacións semánticas ou gramaticais.
- Comprender, analizar e resolver un problema.
- Utilizar a lingua para analizar problemas da vida cotiá, elaborar plans e tomar decisión.



Competencia matemática.

Nocións como a secuencia temporal dunha historia ou a numeración e a ordenación de viñetas relacionadas cos textos tanto como o coñecemento de determinadas clases de palabras(cuantificadores numerais e indefinidos), contribúe ao desenvolvemento desta competencia desde a área de Lingua.

- Utilizar ferramentas matemáticas tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas.
- Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar fenómenos naturais, expresar datos.
- Utilizar a linguaxe para poner en práctica procesos de razoamento.

Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico.

Na área de Lingua galega ofrécense unha serie de textos informativos relacionados co mundo físico que permiten coñecer mellor os elementos da natureza e a influencia e as relacións que manteñen os seres humanos co espazo no que viven.

A través do traballo con mensaxes informativas e publicitarias, contribúese á creación de hábitos de consumo responsable.

- Contribuir, a través da lingua, a conservar un contorno físico agradable e saudable..
- Desenvolver a conciencia de pertencer ao mundo e reparar nos cambios que se producen no contorno e nos seres vivos de forma periódica.
- Coñecer e valorar a fauna e a flora propias da nosa comunidade.
- Recoñecer a lingua como o principal medio de comunicación entre os seres humanos e utilízala para establecer relacións cos demais.
- Coñecer outras formas de vida e outras culturas e aprender a respectalas
- Utilizar a lingua para obter e comprender información.

Tratamento da información e competencia dixital.

En moitas das actividades que se lles presentan aos alumnos propónse a posibilidade de realizar tarefas con ferramentas informáticas adecuadas á idade.

A área proporciona destrezas para a selección, comprensión e transmisión da información.

- Iniciarse no uso do ordenador.
- Utilizar distintos procedementos de busca, selección, organización e aplicarlos na área.
- Saber utilizar un ordenador de forma básica.
- Saber buscar en internet de forma guiada.
- Utilizar as tecnoloxías da comunicación e a información para ter unha visión actualizada da actividade científica.

Competencia social e cidadá.

Neste sentido, que os nenos aprendan a comunicarse cos demais e a comprender o que os demais lles transmiten é fundamental para a súa formación como seres sociais. Ademais, a lingua tamén lles permite aos nenos tomar contacto con outras realidades diferentes da súa e facilita a erradicación de prexuízos e imaxes estereotipadas.

- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto.
- Entender a lingua como a base da convivencia, o respecto e o entendemento.
- Recoñecer a diferenza entre os seres humanos como un valor enriquecedor.
- Aprender a comunicarse cos demais e a comprender o que estes transmiten.
- Valorar todas as linguas como aptas para a comunicación.



- Desenvolver actitudes de consumo responsable.
- Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.
- Desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos.
- Aceptar e elaborar normas de convivencia.

Competencia cultural e artística.

Desde a área de Lingua contribúese ao desenvolvemento desta competencia mediante a lectura e a valoración de obras literarias infantís de diferentes épocas e culturas. Ademais, o traballo a partir dos debuxos e as fotografías que acompañan os textos permite desenvolver habilidades propias da educación artística.

Ademais, inclúense propostas para realizar, a partir dos contidos lingüísticos, actividades de creación plástica.

- Fomentar o gusto pola lectura.
- Ler, comprender e valorar as obras literarias.
- Coñecer e valorar as tradicións propias da nosa comunidade.
- Comprender, apreciar e valorar as manifestacións artísticas, propias e alleas.
- Coñecer algúns persoeiros claves da cultura galega.
- Usar de forma responsable os recursos da biblioteca.
- Expresarse con imaxinación e creatividade.
- Apreciar a creatividade a través dos diferentes medios artísticos.

Autonomía e iniciativa persoal.

O traballo na área de Lingua preséntase para que poida ser realizado de forma autónoma, pedíndolles aos nenos que demostren o que son capaces de realizar cos coñecementos lingüísticos que posúen ata ese momento.

Por outra parte, a proposta de actividades que obrigan aos nenos a poñerse no lugar doutros ou a decidir entre varias cuestións favorece o desenvolvemento desta competencia.

- Adquirir a necesaria confianza nun mesmo para interactuar cos demais e tomar decisións propias.
- Tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo (no ámbito escolar e nas actividades de ocio).
- Ter habilidade para iniciar e levar a cabo proxectos.
- Utilizar a lingua para fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Empregar a linguaxe para comunicar afectos e emocións.
- Favorecer a creatividade a través da linguaxe.
- Utilizar a linguaxe para expresar gustos e preferencias.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

1.Participar en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversa, expresión espontánea, asemblea, debate)e a diversos obxectivos comunicativos, respectando as normas que rexen estas situacións.

Avaliarase a capacidade e a actitude de intervención en situacións variadas da aula en que se produce comunicación oral, así como a adaptación á diversa tipoloxía e a diversos obxectivos comunicativos. Observarase especialmente o respecto das normas existentes.



2. escoitar e comprender textos orais de uso cotián, extraendo o senso global das mensaxes orais. Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan as nenas e os nenos atendendo a sinais relevantes como o ton de voz, a entoación, os xestos, e formulando preguntas coherentes que axuden á comprensión.

Preténdese avaliar o desenvolvemento da capacidade de comprensión de producións orais cotiás e especialmente o recoñecemento de ideas principais, a habilidade de seleccionar a información necesaria .

3. Producir textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.

Téntase constatar a capacidade para expresarse en diferentes contextos comunicativos usando o léxico, as formas lingüísticas, o ton, a entoación e a pronuncia axeitados, e a de iniciar e soste unha interacción comunicativa.

Atenderase á coherencia e á potenciación da mensaxe con aspectos non verbais como xestos, posturas ou movementos.

Observarase a habilidade para narrar situacións reais ou imaxinadas con certa desinhibición.

4. Memorizar e reproducir textos orais sinxelos (poemas, cancións, adiviñas, trabalinguas...) propios da literatura popular galega empregando a pronuncia e entoación adecuadas.

Quérese observar o coñecemento dalgúns textos da literatura oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos...) adecuados ao seu interese, nivel e contorno.

5. Interpretar e comprender a ideas contidas en textos escritos habituais (expositivos, informativos, instructivos e literarios), tanto en soporte impreso como multimedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento.

Este criterio pretende avaliar a capacidade de localizar e extraer a información relevante de textos escritos variados.

Comprobarase se o alumnado establece relacións entre os seus coñecementos previos e as súas experiencias e a información contida no texto.

Verificarase o uso de estratexias de comprensión baseadas na anticipación de hipóteses, na explicitación dos obxectivos ou propósitos lectores, na interpretación de indicadores textuais, paratextuais e contextuais e de estratexias de resolución de dificultades léxicas (uso de dicionarios, dedución polo contexto) e de integración (reler, retroceder).

Así mesmo, observarase se a nena ou o neno é quen de formular xuízos persoais sobre os textos lidos, de contrastar a información procedente de textos de contido similar e de esquematizar, con axuda de modelos, a información.

- Valoración das plantas pola súa importancia para o resto dos seres vivos.

TEMPORALIZACIÓN

- Primeira e segunda semana de decembro.

UNIDADE 6: A TERRA

CONTIDOS

- A Terra, o Sol e a Lúa.
- A Terra e a Lúa móvense.
- As estacións do ano.
- A Terra e a súa representación.
- Identificación da Terra, do Sol e da Lúa por medio de ilustracións.
- Localización dos puntos cardinais cun compás
- Interpretación e utilización do globo terráqueo e do planisferio.
- Interese por comprender como se produce a sucesión de días e noites e das estacións do ano.
- Curiosidade por saber como se capturan imaxes da Terra desde o espazo.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda e terceira semana de xaneiro.

UNIDADE 7: A AUGA

CONTIDOS

- A auga e os seus estados.
- A auga na natureza.
- O ciclo da auga.
- O uso da auga.
- Identificación dos distintos estados da auga.
- Lectura comprensiva e interpretación de gráficos.
- Elección de actitudes responsables en relación co gasto de auga.
- Curiosidade por coñecer os procesos responsables do ciclo da auga.
- Interese por saber o tratamento que recibe a auga antes e despois de ser utilizada.
- Responsabilidade respecto ao noso gasto de auga.

TEMPORALIZACIÓN

- Cuarta semana de xaneiro e primeira de febreiro.



UNIDADE 8: A ATMOSFERA

CONTIDOS

- O aire e a atmosfera.
- O tempo e o clima.
- A contaminación do aire.
- Observación de fenómenos atmosféricos.
- Lectura comprensiva e interpretación de mapas do tempo.
- Elección de actitudes responsables para reducir a contaminación atmosférica.
- Interese por coñecer a composición, as características e os usos do aire.
- Curiosidade polos fenómenos meteorolóxicos e a súa relación co tempo atmosférico.
- Interese por coñecer as consecuencias da contaminación atmosférica.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda e terceira semana de febreiro.

UNIDADE 9: O RELEVO E AS ROCHAS

CONTIDOS

- As rochas e os minerais.
- A extracción e os usos das rochas e os minerais.
- O solo e os seus usos.
- Identificación de minerais coa axuda dunha clave dicotómica sinxela.
- Identificación das principais propiedades dun mineral para a súa correcta clasificación.
- Interese por coñecer os usos e as aplicacións que teñen os minerais e as rochas.
- Valoración da importancia do solo como substrato que permite o crecemento das plantas das que nos alimentamos.

TEMPORALIZACIÓN

- Cuarta semana de febreiro e primeira de marzo.

UNIDADE 10: A MATERIA

CONTIDOS

- A materia e as súas propiedades.
- Tipos de materiais.
- Os cambios da materia.
- Clasificación dos obxectos segundo o estado da materia no que se encontren.
- Identificación dos materiais dos que están feitos algúns obxectos diferenciando os materiais naturais dos artificiais.
- Interese por coñecer os materiais dos que están formados os obxectos que nos rodean.



- Valoración das propiedades dos materiais en relación cos seus usos e aplicacións.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda e terceira semana de marzo.

* A temporalización desta unidade e das seguintes pode variar en función das datas da Semana Santa.

UNIDADE 11: AS PERSOAS E A PAISAXE

CONTIDOS

- As paisaxes de chaira.
- As paisaxes de montaña.
- As paisaxes de costa.
- Os ríos e os lagos.
- Observación e obtención de información a partir de fotografías e ilustracións.
- Elaboración dun bosquejo dunha paisaxe a partir dunha fotografía.
- Realización de esquemas e resumos.

- Interese por coñecer a influencia da paisaxe nas persoas.
- Aprecio polas paisaxes.
- Valoración do proceso de aprendizaxe.

TEMPORALIZACIÓN

- Primeira quincena de abril.

UNIDADE 12: ALDEAS, VILAS E CIDADES

CONTIDOS

- A localidade: aldeas, vilas e cidades.
- A poboación dun lugar.
- O goberno da localidade: o concello.
- Os servizos municipais.
- Análise de fotografías e ilustracións.
- Estudo dun proceso electoral.
- Realización de esquemas e resumos.

- Interese pola convivencia nas aldeas, vilas e cidades.
- Aprecio polos servizos municipais e o mobiliario urbano.
- Valoración do proceso de aprendizaxe.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda quincena de abril.



UNIDADE 13: OS TRABALLOS

CONTIDOS

- O traballo e os sectores económicos.
- O sector primario.
- O sector secundario.
- O sector terciario.
- Análise de esquemas.
- Estudo dun proceso.
- Elaboración dun gráfico de liñas.
- Realización de esquemas e resumos.

- Aprecio por todos os traballos.
- Respecto e coidado polo medio natural.
- Expresión dos propios gustos sobre os traballos.

TEMPORALIZACIÓN

- Primeira quincena de maio.

UNIDADE 14: A ENERXÍA E AS MÁQUINAS

CONTIDOS

- A forza e a enerxía.
- As fontes de enerxía: tipos e problemas ambientais que xeran.
- As máquinas: tipos e funcionamento.
- Os inventos.
- Análise e interpretación de esquemas.
- Lectura das instrucións dun xoguete.
- Construción dun muíño en cartolina.

- Responsabilidade no uso das máquinas.
- Respecto e coidado do medio natural.
- Actitude positiva cara aos novos inventos.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda quincena de maio.

UNIDADE 15: AS PEGADAS DO PASADO

CONTIDOS

- O tempo e a súa medida.
- A historia: documentos e obxectos de estudo.



- As pegadas do tempo: monumentos, tradicións e personaxes.
- A localidade onte e hoxe.
- Análise e interpretación de láminas.
- Interpretación dun plano.
- Procura, análise e interpretación de documentos.

- Aprecio polo presente valorando o pasado.
- Respecto e coidado polos monumentos.
- Interese por coñecer o propio pasado.

TEMPORALIZACIÓN

- Primeira quincena de xuño.

CONTIDOS – TEMPORALIZACIÓN : 4º NIVEL

UNIDADE 1: A nutrición

CONTIDOS

- A función de nutrición.
- A dixestión e a respiración.
- A circulación e a excreción.
- Hábitos saudables.
- Identificación dos principais órganos que forman os aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
- Accións encamiñadas ao coidado da saúde.
- Planificación do tempo libre.
- Valoración dos hábitos de vida saudable relacionados cos aparellos implicados na nutrición pola súa repercusión positiva na saúde das persoas.

TEMPORALIZACIÓN

- Primeira e segunda semanas de outubro.

UNIDADE 2: A relación

CONTIDOS

- A función de relación.
- O sistema nervioso.
- O aparello locomotor.
- Hábitos saudables.
- Identificación dos principais órganos que forman o sistema nervioso e o aparello locomotor.
- Accións encamiñadas ao coidado da saúde.



- Organización da información en táboas.
- Valoración da realización dalgún deporte pola súa repercusión positiva na saúde das persoas.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda e terceira semana de outubro.

UNIDADE 3: Os animais vertebrados

CONTIDOS

- Os mamíferos.
- As aves e os réptiles.
- Os anfibios e os peixes.
- Interpretación e elaboración de fichas de animais vertebrados en que se indican as súas principais características.
- Manexo de claves dicotómicas para a clasificación de animais vertebrados.
- Interese por coñecer as características dos animais vertebrados que permiten clasificalos en grupos diferentes.

TEMPORALIZACIÓN

- Primeira e segunda semana de novembro.

UNIDADE 4: Os invertebrados

CONTIDOS

- As esponxas, as medusas e os vermes.
- Os moluscos e os equinodermos.
- Os artrópodos.
- Identificación dos principais grupos de invertebrados polas súas características externas.
- Interpretación de debuxos e fotografías sobre a estrutura dos animais invertebrados.
- Realización dun debuxo sinxelo que reflecta as características corporais máis importantes dun insecto.
- Interese por coñecer o comportamento social dalgúns insectos, coma as abellas.
- Valoración da diversidade de animais invertebrados.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda e terceira semanas de novembro.



UNIDADE 5: Os ecosistemas

CONTIDOS

- Os ecosistemas.
- As relacións no ecosistema.
- Os problemas dos ecosistemas.
- A protección dos ecosistemas.
- Identificación dalgúns ecosistemas a partir de fotografías.
- Interpretación e representación gráfica de cadeas alimentarias.
- Interese por coñecer o valor ambiental que achegan os espazos protexidos.
- Valorar as accións que podemos realizar para protexer a natureza.

TEMPORALIZACIÓN

- Primeira e segunda semana de decembro.

UNIDADE 6: O territorio onde vivimos

CONTIDOS

- A organización do territorio español: as Comunidades Autónomas.
- Territorio e institucións de Galicia.
- Municipios, mancomunidades e comarcas.
- Análise de imaxes e gráficos.
- Interpretación dun gráfico de barras.
- Planificación dunha tarefa.
- Elaboración de táboas.
- Aprecio polas institucións democráticas.
- Interese por traballar en equipo.
- Valoración da propia aprendizaxe.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda e terceira semanas de xaneiro.

UNIDADE 7: A PAISAXE DE GALICIA

CONTIDOS

- O relevo de Galicia.
- Ríos e encoros de Galicia.
- O clima de Galicia.
- A flora, a fauna e os espazos protexidos de Galicia.
- Lectura e interpretación de mapas.
- Descrición de imaxes.
- Realización de esquemas.
- Elaboración de táboas.



- Aprecio polas distintas paisaxes do contorno.
- Respecto polos seres vivos que forman parte del.
- Valoración e coidado do contorno.

TEMPORALIZACIÓN

- Última semana de xaneiro e primeira semana de febreiro.

UNIDADE 8: A POBOACIÓN DE GALICIA

CONTIDOS

- A poboación de Galicia e o seu estudo.
- A distribución da poboación en Galicia.
- A poboación rural de Galicia: características e tipos de poboacións.
- A poboación urbana en Galicia.
- Lectura e interpretación de gráficos.
- Análise de imaxes.
- Realización de esquemas.
- Elaboración de itinerarios nun plano.
- Interese polo estudo da poboación.
- Respecto polas persoas doutros lugares.
- Aprecio pola interculturalidade.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda e terceira semanas de febreiro.

UNIDADE 9: OS TRABALLOS DE GALICIA

CONTIDOS

- As actividades do sector primario.
- A agricultura en Galicia.
- A gandaría en Galicia.
- A pesca en Galicia.
- Outras actividades do sector primario en Galicia.
- As actividades do sector secundario en Galicia.
- Identificación e interpretación de imaxes.
- Descrición de procesos.
- Realización de esquemas
- Elaboración dun informe.
- Interese por coñecer as actividades económicas.
- Respecto por todos os traballos.
- Valoración do proceso de aprendizaxe.

TEMPORALIZACIÓN

- Cuarta semana de febreiro e primeira semana de marzo.



UNIDADE 10: OUTROS TRABALLOS DE GALICIA

CONTIDOS

- As actividades do sector terciario.
- As características do comercio: o comercio en Galicia.
- Os transportes: medios de transporte e vías de comunicación.
- O transporte e o turismo en Galicia.
- As novas tecnoloxías e os medios de comunicación.
- Lectura e comparación de imaxes.
- Elaboración de esquemas e táboas.
- Interpretación dun mapa de transportes.
- Análise de tickets de transporte.
- Valoración do concepto servizo.
- Respecto por todos os traballos.
- Interese por coñecer o contorno social.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda e terceira semanas de marzo. *

*A temporalización desta unidade e das seguintes pode variar en función das datas da Semana Santa.

UNIDADE 11: A HISTORIA

CONTIDOS

- O tempo histórico e a súa medida.
- A Historia e os historiadores.
- As fontes da Historia.
- As etapas da Historia.
- A liña do tempo.
- Lectura de imaxes.
- Elaboración de esquemas e táboas.
- Interpretación dunha liña do tempo.
- Situación cronolóxica de obxectos.
- Conciencia do paso do tempo.
- Respecto pola vida noutras épocas.
- Aprecio polo traballo dos historiadores.

TEMPORALIZACIÓN

- Primeira quincena de abril.

UNIDADE 12: OS PRIMEIROS SERES HUMANOS

CONTIDOS

- Os cazadores-recolectores do Paleolítico.
- A revolución neolítica: a agricultura e a gandaría.
- As pegadas da Prehistoria: pintura, escultura, ferramentas e artesanía.
- Interpretación de imaxes.



- Análise dun texto histórico-literario.
- Creación dun texto literario con ambientación histórica.
- Empatía coas persoas do pasado.
- Respecto e coidado polos obxectos do pasado.
- Interese por coñecer a Historia.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda quincena de abril.

UNIDADE 13: EXIPCIOS E ROMANOS

CONTIDOS

- A vida no Exipto antigo: sociedade e economía.
- Aspectos culturais de Exipto: arte, relixión e escritura.
- A vida na antiga Roma: sociedade e economía.
- A cultura romana.
- Análise e interpretación de imaxes e gráficos.
- Lectura e comentario dun cómic de tema histórico.
- Detección de anacronismos nun cómic.

- Respecto polas culturas do pasado.
- Valoración dos obxectos do pasado.
- Interese por coñecer a Historia.

TEMPORALIZACIÓN

- Primeira quincena de maio.

UNIDADE 14: CABALEIROS E NAVEGANTES

CONTIDOS

- Sociedade e economía na Idade Media.
- A arte medieval e as universidades.
- Os cambios na forma de vida na Idade Moderna.
- O legado da Idade Moderna: os descubrimentos xeográficos, a imprenta, a arte, a música...
- Análise e interpretación de imaxes e gráficos.
- Elaboración dunha biografía.
- Lectura de mapas.
- Respecto polas formas de vida do pasado.
- Interese por coñecer o impacto das civilizacións do pasado sobre a nosa cultura.
- Valoración da propia aprendizaxe.

TEMPORALIZACIÓN

- Segunda quincena de maio.



UNIDADE 15: A HISTORIA RECENTE

CONTIDOS

- A Idade Contemporánea: sociedade e economía.
- Avances tecnolóxicos e científicos da Idade Contemporánea.
- A historia recente: sociedade e economía.
- Lectura e comparación de imaxes.
- Elaboración de esquemas e táboas.
- Elaboración dun álbum de fotografías.
- Análise dunha fotografía.
- Conciencia do paso do tempo.
- Respecto pola vida noutras épocas.
- Aprecio polos avances da humanidade.

TEMPORALIZACIÓN

- Primeira quincena de xuño.

CONTRIBUCIÓN DO COÑECEMENTO DO MEDIO AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno debe...

Ser quen de explicar como funciona o corpo humano, coa fin de actuar para previr enfermidades e conservar a saúde propia e a dos demais.

En segundo ciclo, os alumnos aprenderán nocións básicas sobre como son e como funcionan os principais aparatos e sistemas do corpo humano. Ademais, coñecerán algunhas enfermidades dos órganos dos sentidos e reflexionarán sobre a maneira de protexelos. Tamén estudarán algúns hábitos básicos de alimentación.

Ser quen de reflexionar criticamente e de manifestar actitudes responsables sobre o medio natural.

Neste ciclo, o alumno aprenderá normas para aforrar enerxía e relacionará o uso da enerxía coa contaminación. Tamén identificará accións que contaminan a auga e o aire e que perxudican as plantas e os animais, e comprenderá por que cómpre coidar a natureza. Ademais, coñecerá e valorará os espazos protexidos da súa comunidade autónoma.

Ser quen de aplicar coñecementos científicos para explicar o mundo físico e resolver problemas da vida cotiá.

En segundo ciclo, o alumno aprenderá a explicar fenómenos como as estacións, a duración do ano, o ciclo da auga e o tempo atmosférico. Tamén estudará nocións básicas sobre a materia, a enerxía e as forzas, que lle permitirán comprender fenómenos cotiáns. Por outra parte, profundará no seu coñecemento sobre como funcionan algunhas máquinas.



Ser quen de explicar con criterios científicos o funcionamento dos seres vivos e a súa interacción co medio natural e cos seres humanos.

Durante o segundo ciclo, o alumno aprenderá a identificar e a clasificar os animais e as plantas segundo distintos criterios científicos. Ademais, o alumno saberá cales son as necesidades fundamentais dos seres vivos e poderá explicar as relacións básicas que existen entre os compoñentes dun ecosistema.

Ser quen de comprender as características das paisaxes e de distintos contornos para valorar a súa diversidade e para orientarse no espazo próximo.

Neste ciclo, os alumnos aprenderán a recoñecer distintos tipos de paisaxe. Coñecerán as características da paisaxe da súa comunidade autónoma e aprenderán a interpretar os elementos básicos dun mapa de relevo e dun mapa temático.

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno debe:

Ser quen de entender a organización social e económica nos contornos máis próximos, para participar como cidadán activo na vida social.

En segundo ciclo, os alumnos estudarán a organización política da localidade e da comunidade autónoma. Tamén aprenderán os datos básicos sobre as actividades económicas, a poboación e as institucións da súa localidade e da súa comunidade autónoma. Ademais, participarán activamente en debates, diálogos e postas en común sobre distintos temas.

Ser quen de recoñecer feitos e personaxes do pasado para comprender o presente no seu contorno máis próximo.

Neste ciclo, os nenos aprenderán a recoñecer os cambios que se producen co paso do tempo na súa localidade e na súa comunidade autónoma. Tamén aprenderán a diferenciar as formas de vida das distintas etapas da Historia e a organizar feitos nunha secuencia temporal.

Ser quen de comprender e valorar a realidade social para convivir de forma tolerante e solidaria.

En segundo ciclo, os alumnos reflexionarán sobre a importancia das leis e das institucións locais, autonómicas e estatais. Ademais, aprenderán a poñerse no lugar doutras persoas que viven situacións conflitivas e suxerirán formas de resolver conflitos.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística.

Na área de Coñecemento do medio preséntanse distintos tipos de información: textos expositivos, carteis, noticias, folletos etc., que permiten traballar a competencia lectora. Ademais, desenvólvense as habilidades de comunicación oral mediante actividades de intercambio de opinións sobre diversos temas.

- Aumentar a riqueza no vocabulario específico desta área.



- Ser rigoroso no emprego dos termos específicos desta área.
- Saber construír un discurso: ser coidadoso na precisión de termos, encadeamento de ideas, expresión verbal.
- Adquirir a terminoloxía específica sobre seres vivos, e sobre obxectos e fenómenos naturais.
- Comprender textos informativos, explicativos e argumentativos.
- Transmitir ideas en informacións sobre a natureza.

Competencia matemática.

En segundo ciclo trabállanse de maneira especial nocións relacionadas coa interpretación numérica do mundo físico (a medida do tempo e da distancia, e a introdución a a medición da materia) e da sociedade (demografía e actividades económicas).

- Utilizar ferramentas matemáticas tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas.
- Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar fenómenos naturais, expresar datos.
- Empregar o cálculo para resolver enigmas o problemas.
- Interpretar e expresar información con números.
- Poner en práctica procesos de razoamento.

Tratamento da información e da competencia dixital.

Esta área contribúe ao tratamento da información a través de múltiples actividades de observación e descrición da realidade, igual ca de rexistro e de clasificación de información - táboas, fichas, escritos...-. Por outra parte, nesta área faise unha introdución ao ordenador e ao seu funcionamento.

- Utilizar distintos procedementos de busca, selección, organización e apicalos na área.
- Saber utilizar un ordenador de forma básica.
- Saber buscar en internet de forma guiada.
- Mellorar nas destrezas asociadas á utilización de esquemas, mapas conceptuais.
- Utilizar as tecnoloxías da comunicación e a información para ter unha visión actualizada da actividade científica.

Competencia cultural e artística.

Desde a área de Coñecemento do medio favorécese o coñecemento e a valoración de expresións culturais doutras sociedades e doutros momentos históricos. Ademais contribúese ao desenvolvemento desta competencia, na medida en que a observación sistemática de fotografías e ilustracións forma parte das habilidades propias da educación artística. Na área de Coñecemento do medio tamén se realizan diversas actividades de creación plástica e anímase a desenvolver esta competencia a través dunha coidadosa selección, desde a perspectiva estética, das ilustracións e das fotografías.

- Coñecer as manifestacións culturais do noso contorno.
- Valorar a diversidade cultural do noso contorno.
- Recoñecer as manifestacións culturais que forman parte do patrimonio cultural de Galicia.

Competencia para aprender a aprender

Nesta área trabállanse diferentes técnicas para seleccionar, organizar, interpretar e memorizar información. Ademais, ofrécense abundantes resumos e distintos tipos de gráficos e de organizadores gráficos.



- Desenvolver técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información.
- Facer resumos, esquemas ou mapas mentais.
- Reflexionar sobre o que, e como, se aprendeu.
- Adquirir conceptos esenciais ligados ao noso coñecemento natural para incorporar información proveniente da propia experiencia ou de escritos ou audiovisuais.
- Adquirir procedementos de análise de causas e consecuencias.

Autonomía e iniciativa persoal.

En Coñecemento do medio, as múltiples actividades de aplicación de coñecementos e de solución de problemas da vida diaria promoven o desenvolvemento desta competencia.

- Tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo (no ámbito escolar e nas actividades de ocio).
- Participar na construción de solucións.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, cooperación e traballo en equipo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Identificar o home e a muller como seres vivos, as partes do corpo humano, a súa relación co medio, órganos, aparatos, sentidos, semellanzas e diferencias entre as persoas e valorar a diversidade.

Avaliarase a capacidade para recoñecer o funcionamento do corpo humano nun sentido global, identificando as partes que permiten o movemento e a relación co medio, aceptándoo e respectando as diferencias.

2. Recoñecer e explicar, recollendo datos, as relacións entre algúns factores do medio físico (relevo, chan, clima, vexetación...) e as formas de vida e as actuacións das persoas, valorando a adopción de actitudes de respecto polo equilibrio ecolóxico.

Con este criterio trátase de coñecer se son capaces de apreciar relacións coma as que se dan entre tipo de vivenda, cultivos, paisaxe, vestimenta etc. co clima, o relevo, a presenza de determinadas especies animais e vexetais etc., como aproximación ao concepto de hábitat.

3. Identificar e clasificar animais, plantas e rochas, segundo criterios científicos.

Con este criterio de avaliación trátase de saber se coñecen criterios científicos para clasificar seres vivos ou inertes; coma o seu réxime alimentario, a súa forma de reproducirse, ou a súa morfoloxía en seres vivos, ou a súa dureza, exfoliación ou brillo en rochas e minerais.

4. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.

Este criterio pretende avaliar a capacidade para discernir actividades que prexudican e que favorecen a saúde e o desenvolvemento equilibrado da súa personalidade, como a enxesta de lambonadas, o exceso de peso da súa mochila, os desprazamentos a pé, o uso limitado da televisión, as videoconsolas ou os xogos de ordenador etc.



5. Identificar, a partir de exemplos da vida diaria, algúns dos principais usos que as persoas fan dos recursos naturais, sinalando vantaxes e inconvenientes e analizar o proceso seguido por algún ben ou servizo, desde a súa orixe ata o consumidor.

Con este criterio preténdese avaliar o coñecemento dos elementos fundamentais do medio físico, a súa relación coa vida das persoas, así como o equilibrio existente entre os diferentes elementos do medio físico e as consecuencias derivadas do uso inadecuado do medio e dos recursos. Do mesmo xeito, avaliarase o grao de coñecemento dalgúns procesos de produción de alimentos, das técnicas e procedementos de conservación dos mesmos e da súa comercialización. Así mesmo valorarase se sabe poñer exemplos da relevancia que ten para a economía mundial a introdución das tecnoloxías para o desenvolvemento da sociedade do benestar.

6. Recoñecer, apreciar e valorar a súa pertenza a uns grupos sociais determinados (barrio, localidade, comarca, comunidade autónoma, etc.), con características e trazos propios (normas de comportamento, costumes, valores, lingua, cultura, etc.)..

Quérese avaliar con este criterio se coñecen o funcionamento xeral dos órganos dalgúns organizacións próximas, o papel das administracións como garantes dos servizos públicos máis importantes para mellorar a vida dos cidadáns. Así mesmo valorarase os comportamentos de participación e asunción de responsabilidades para favorecer a convivencia na aula e a participación no centro.

7. Utilizar as nocións espaciais e a referencia aos puntos cardinais para situarse no contorno, para localizar e describir a situación dos obxectos en espazos delimitados, e utilizar planos e mapas con escala gráfica para desprazarse.

Con este criterio de avaliación trátase de comprobar se interiorizaron as nocións espaciais, se saben localizar a situación dos puntos cardinais e se poden situarse e desprazarse no espazo facendo referencia a eles e utilizando planos e mapas con escala gráfica.

8. Explicar con exemplos concretos, a evolución dalgún aspecto da vida cotiá relacionado con feitos históricos relevantes, identificando as nocións de duración, sucesión e simultaneidade.

Con este criterio trátase de comprobar o grao de adquisición das nocións básicas de tempo histórico: presente-pasado-futuro, anterior-posterior, duración e simultaneidade (antes de, despois de, ao mesmo tempo que, mentres...) O alumnado deberá situar correctamente, seguindo os referidos criterios de sucesión, duración e simultaneidade de feitos históricos relevantes relacionados coas formas de subsistencia e de organización social.

9. Identificar fontes de enerxía comúns e procedementos e máquinas para obtela, poñer exemplos de usos prácticos da enerxía e valorar a importancia de facer un uso responsable das fontes de enerxía do planeta.

Con este criterio preténdese avaliar se son capaces de identificar as fontes de enerxía máis comúns (vento, sol, combustibles etc.) e se relacionan a enerxía con usos habituais na súa vida cotiá (o batedor, o secador, a calefacción, o aire acondicionado etc.), se recoñecen a calor como transferencia de enerxía en procesos físicos observables, se describen transformacións simples de enerxía (a combustión nun motor para mover un



coche, a enerxía eléctrica para que funcione unha lámpada etc.) Así mesmo deberán poñer exemplos de comportamentos individuais e colectivos para utilizar de forma responsable as fontes de enerxía.

10. Analizar as partes principais de obxectos e máquinas, as funcións de cada unha delas e planificar e realizar un proceso sinxelo de construción dalgún obxecto mostrando actitudes de cooperación no traballo en equipo e o coidado pola seguridade.

Este criterio avalía se coñecen e saben explicar as partes dunha máquina (poleas, pancas, rodas e eixes, engrenaxes...) e cal é a súa función. Así mesmo, valorarase se saben aplicar eses coñecementos na construción dalgún obxecto o aparato, por exemplo un coche que rode, aplicando correctamente as operacións matemáticas básicas no cálculo previo, e as tecnolóxicas: unir, cortar, decorar etc., sabendo relacionar os efectos coas causas. É básico valorar o traballo cooperativo e a súa desenvolvemento manual, apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros, o coidado das ferramentas e o uso axustado dos materiais.

11. Desenvolver unha actitude de respecto polo legado histórico, social e cultural que recibimos.

Con este criterio preténdese a valoración e coñecemento de expresións culturais doutras sociedades e doutros monumentos históricos así como das manifestacións culturais do noso contorno.

12. Desenvolver unha actitude de respecto cara as características e trazos propios doutros grupos, rexeitando calquera tipo de discriminación.

Con este criterio de avaliación tratamos de que comprendan e valoren a realidade social para convivir de forma tolerante e solidaria.

13. Participar en actividades de grupo de modo constructivo, responsable e solidario, respectando os principios básicos establecidos (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados), desenvolvendo unha actitude de respecto e valoración das achegas propias e dos demais.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para participar activamente en debates, diálogos e postas en común sobre distintos temas e desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, cooperación e traballo en equipo.

14. Desenvolver actitudes que contribúan activamente á conservación e mellora do medio ambiente e patrimonio cultural, valorando a entrega daquelas persoas que se dedican de forma altruista ao seu coidado.

Este criterio trata de avaliar a actitude responsable sobre o medio natural, identificando accións de contaminación que perxudican as plantas e os animais, e comprender porque cómpre coidar a natureza.



CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Identificar o home e a muller como seres vivos, as partes do corpo humano, a súa relación co medio, órganos, aparatos, sentidos, semellanzas e diferencias entre as persoas e valorar a diversidade.
2. Recoñecer e explicar, recollendo datos, as relacións entre algúns factores do medio físico (relevo, chan, clima, vexetación...) e as formas de vida e as actuacións das persoas, valorando a adopción de actitudes de respecto polo equilibrio ecolóxico.
3. Identificar e clasificar animais, plantas e rochas, segundo criterios científicos.
4. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
6. Recoñecer, apreciar e valorar a súa pertenza a uns grupos sociais determinados (barrio, localidade, comarca, comunidade autónoma, etc.), con características e trazos propios (normas de comportamento, costumes, valores, lingua, cultura, etc.)..
10. Analizar as partes principais de obxectos e máquinas, as funcións de cada unha delas e planificar e realizar un proceso sinxelo de construción dalgún obxecto mostrando actitudes de cooperación no traballo en equipo e o coidado pola seguridade.
11. Desenvolver unha actitude de respecto polo legado histórico, social e cultural que recibimos.
12. Desenvolver unha actitude de respecto cara as características e trazos propios doutros grupos, rexeitando calquera tipo de discriminación.
13. Participar en actividades de grupo de modo constructivo, responsable e solidario, respectando os principios básicos establecidos (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados), desenvolvendo unha actitude de respecto e valoración das achegas propias e dos demais.
14. Desenvolver actitudes que contribúan activamente á conservación e mellora do medio ambiente e patrimonio cultural, valorando a entrega daquelas persoas que se dedican de forma altruista ao seu coidado.



5. EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA - MÚSICA

OBXECTIVOS - PLÁSTICA

1. Describir as características de elementos presentes no contorno e as sensacións que as obras artísticas provocan.
2. Usar adecuadamente algúns dos termos propios da linguaxe plástica e musical en contextos precisos, intercambios comunicativos, descrición de procesos e argumentacións.
3. Interpretar o contido de imaxes e representacións do espazo presentes no contorno.
4. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.

OBXECTIVOS - MÚSICA

1. Controlar e utilizar de forma espontánea e intencionada a voz e o propio corpo para expresarse e comunicarse cos demais.
2. Coñecer e cantar cancións traballando distintos aspectos (ritmo, forma, intensidade, fraseo, carácter).
3. Interpretar cancións e melodías ao unísono, poñendo atención no carácter, a expresión, a dicción e a dinámica.
4. Interiorizar secuencias rítmicas sinxelas.
5. Percibir o sentido do pulso, ritmo e compás a través de percusión corporal e instrumental, en melodías, exercicios rítmicos, cancións...
6. Interpretar partituras empregando grafías non convencionais e convencionais (figuras musicais, pentagrama , clave de sol, notas, compás, liña adicional, liña divisoria...)
7. Coñecer, e clasificar por familias os instrumentos da orquestra escolar.
8. Utilizar os instrumentos da orquestra escolar para realizar acompañamentos sinxelos de cancións e melodías.
9. Iniciarse no manexo da frauta doce.
10. Diferenciar e recoñecer as cualidades do son.
11. Participar na audición activa de pezas musicais.
12. Participar con entusiasmo na realización de danzas do mundo, e na elaboración de coreografías propias.
13. Ter confianza nas propias creacións musicais e gozar co proceso creativo.
14. Reproducir algunhas das imaxes e sons dos diferentes medios de comunicación do ámbito, apreciando as súas cualidades e limitacións.
15. Clasificar os sons do ámbito, segundo sexan do seu agrado ou desagrado, explicando a súa elección.
16. Desenvolver progresivamente a capacidade crítica respecto á expresión e estética dos medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.
17. Gozar das obras musicais clásicas e da comunidade autónoma.
18. Coñecer os elementos máis destacados do patrimonio cultural.
19. Coñecer os costumes populares de a comunidade autónoma a través das cancións e danzas tradicionais.
20. Desenvolver a sensibilidade e o gusto por todo o belo e creativo.
21. Expresar libremente as ideas e os sentimentos a través da elaboración de obras musicais creativas.
22. Mostrar confianza nas propias capacidades creativas.



23. Realizar producións musicais colectivas máis complexas que no ciclo anterior cooperando na elaboración dun único produto final.
24. Valorar e respectar as achegas dos demais na produción dunha obra musical en conxunto.
25. Representar en grupo diferentes roles e situacións da vida cotiá e do mundo da fantasía mediante o xogo colectivo, utilizando os recursos expresivos e musicais do corpo.
26. Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo dos artistas e gozando como público na observación das súas producións.

CONTIDOS - PLÁSTICA

3º NIVEL

1. Observación plástica

- Observación atenta da técnica do raiado e apreciación das súas calidades estéticas e visuais.
- As formas xeométricas presentes nos obxectos.
- As calidades estéticas, visuais e luminosas do contorno.
- As calidades estéticas en modelos naturais do contorno.
- Identificación de imaxes do contorno.
- Asociación de imaxes.
- Identificación entre formas xeométricas e obxectos.
- O tempo: a súa influencia na cor dunha paisaxe.
- A perspectiva na paisaxe.

2. Expresión e creación

- Organización das formas no espazo e o tempo.
- A cor. Obtención da cor. Mesturas de cor.
- Tons e gamas.
- Clasificación (cores frías e cálidas).
- O tamaño, a proporción e o espazo.
- Representación do espazo: plano e volume.
- O volume con trazado de liñas.
- O volume con sombreado e mancha.
- O volume a través da cor.
- A luz e a sombra na forma e o volume.
- Trazado de faccións expresando emocións diferentes.
- Obxectos inventados a partir de formas xeométricas.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN – 3ºNIVEL

PRIMEIRO TRIMESTRE



- Tamaño e proporción, figura en movemente. análise e reprodución de proporcións humanas correspondentes a distintas edades.
- Elaboración de monecos con corpos en forma de follas.
- Uso da trama, do coloreado e da iluminación nos debuxos. Utilización das cores otoñais
- As paisaxes, a árbore como elemento definidor da perspectiva, uso das gamas tonais na caracterización de especies arbóreas. Froitos. Observación dunha árbore de folla caduca nunha paisaxe invernal.
- Collaxe de paisaxes otoñais
- Elaboración de murais, debuxos, fichas e comecastañas para o día do magosto
- Motivos do nadal, composicións xeométricas, paisaxes de campo, con neve...
- Elaboración de libro de froitos
- Elaboración de diversos traballos relacionados co tema do colexio “Culturas do Mundo”, relacionados coa cultura dos Tuaregs: murais, adornos aula, adornos dos Tuaregs, adornos de Africa, etc.
- Elaboración de contos.

SEGUNDO TRIMESTRE

- Utilización de cores frías:negros, grise, brancos, azuis, verdes, violáceas.
- Realización de actividades relacionadas co inverno.
- Realización de murais para o día da Paz.
- Elaboración de caretas e disfraces para o Entroido e relacionados co tema do colexio : “Culturas do mundo”: Disfraz de Tuaregs.
- Elaboración de contos

TERCEIRO TRIMESTRE

- Aplicación da cor como definidora de formas e volumes, composicións xeométricas, cores difuminadas.
- Seguir con temas de adorno das aulas, de pasillos etc sobre o tema “Culturas do Mundo: Tuaregs.
- Debuxos e composicións diversas sobre os temas deste trimestre como: letras galegas e festival fin de curso.
- Elaboración de cómics.

4º NIVEL

1. Observación plástica

- Identificación de imaxes do contorno.
- A figura humana, os animais, as plantas, os obxectos, a paisaxe e diferentes espazos interiores.
- Observación para a elaboración de imaxes: trazado da figura humana, de animais, de plantas, de obxectos, de paisaxes e de espazos de interior.
- Asociación de imaxes.
- Identificación de sinais.
- O tempo, a súa influencia na cor da paisaxe.
- A textura: visual e táctil, o seu recoñecemento e aplicación.



2. Expresión e creación

- A forma. O esquema corporal da figura humana e dos animais. Formas das plantas (partes e variedade). Formas básicas dos obxectos. Diferentes formas de paisaxe. Formas básicas dos espazos de interior.
- O punto. A liña, as súas clases e calidades de expresión.
- O plano e as súas formas regulares e irregulares.
- As formas xeométricas.
- A cor e a súa utilización: tons, matices, contrastes, mesturas, (cores frías e cálidas).
- Articulación dos diferentes elementos: liña-mancha, cor-textura e textura-mancha.
- Combinación de formas xeométricas con obxectos.
- O volume e a forma.
- A cor: tons, matices e contrastes.
- Representación do espazo: plano e volume.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN – 4º NIVEL

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Tamaño e proporción,figura en movemento.analise e reprodución de proporcións humanas correspondentes a distintas edades.
- Elaboración de monecos con corpos en forma de follas.
- Uso da trama, do coloreado e da iluminación nos debuxos.Utilización das cores otoñais
- As paisaxes, a árbore como elemento definidor da perspectiva, uso das gamas tonais na caracterización de especies arbóreas. Froitos. Observación dunha árbore de folla caduca nunha paisaxe invernal.
- Collaxe de paisaxes otoñais
- Elaboración de murais, debuxos, fichas e comecastañas para o día do magosto
- Motivos do nadal, composicións xeométricas, paisaxes de campo, con neve, etc.
- Elaboracións de contos
- Elaboración de diversos traballos relacionados co tema do colexio “Culturas do Mundo”, relacionados coa cultura dos Masais: murais, adornos aula, adornos dos Masais, adornos de Africa, etc.
- Elaboración de contos.

SEGUNDO TRIMESTRE

- Utilización de cores frías:negros, grise, brancos, azuis, verdes, violáceas.
- Realización de actividades relacionadas co inverno.
- Realización de murais para o día da Paz.
- Elaboración de lanzas, escudos, collares e disfraces para o Entroido relacionados co tema do colexio : “Culturas do mundo”: Disfraz de Masais.
- Elaboración de contos

TERCEIRO TRIMESTRE

- Aplicación da cor como definidora de formas e volumes,composicións xeométricas,cores difuminadas.



-Seguir con temas de adorno das aulas, de pasillos, cuadros etc sobre o tema “Culturas do Mundo: Masais.

-Debuxos e composicións diversas sobre os temas deste trimestre como: letras galegas e festival fin de curso.

Elaboración de cómics.

CONTIDOS - MÚSICA 3º

Bloque 1. - escoita

- As cualidades básicas do son por separado e conxuntamente: intensidade, altura, timbre e duración.
- Elementos básicos dunha composición musical: ritmo, melodía, harmonía e forma.
- A importancia do silencio.
- Voces, instrumentos e conxuntos vocais e instrumentais.
- Audición e imitación: polirritmias
- A representación gráfica da música como medio de comunicación.
- A grafía musical como representación do son, o movemento e a forma.
- Situacións de utilización de grafías musicais.
- Elementos e tipos de grafía elementais para a representación do son, o movemento e a forma, tanto convencionais como non convencionais.
- A música e a danza: funcións no ámbito sociocultural dos alumnos e alumnas.
- A información musical: a obra e as súas características formais; contextualización do feito musical; interrelación con outras áreas; algúns estilos básicos e a música en distintos espazos.
- A música e o movemento nos medios de comunicación social.
- A música noutras culturas.

Bloque 2. - Interpretación e Creación

- Emisión de voz, técnica vocal. Entoacións.
- Prosodias rítmicas e retahílas.
- A canción: tipos e formas de cancións; aspectos musicais e expresivos dunha canción.
- Aspectos expresivos: intencións comunicativas do canto; proposta de inicio ou arranque; elementos que contextualizan o canto; elementos musicais e expresivos.
- Tipos de voces para a música. Diferentes usos da voz.
- Coñecemento dun repertorio axeitado de cancións
- .Cancións ao unísono e iniciación á polifonía.
 - movemento expresivo e a música: formas básicas.
- A danza como forma organizada de movemento.
- Tipos de danza.
 - corpo como instrumento musical.
- Posibilidades sonoras instrumentais dende varias ópticas.
- Familias instrumentais: tipos e agrupacións.
- As pezas instrumentais: tipos e formas.
- Coñecemento dun repertorio axeitado de pezas.
- Elementos que configuran a peza instrumental: musicais (ritmo, melodía, harmonía e forma) e expresivos (intensidade, tempo, timbre, articulación e fraseo).
- Instrumentos para acompañar cancións e danzas.



CONTIDOS - MÚSICA 4º

Bloque 1. - escoita

- As cualidades básicas do son por separado e conxuntamente: intensidade, altura, timbre e duración.
- Os elementos básicos dunha composición musical: ritmo, melodía, harmonía e forma.
- A importancia do silencio.
- Voces, instrumentos e conxuntos vocais e instrumentais.
- A representación gráfica da música como medio de comunicación.
- A grafía musical como representación do son, movemento e a forma.
- Situacións de utilización de grafías musicais.
- Elementos e tipos de grafía elementais para a representación do son, o movemento e a forma, tanto convencionais como non convencionais.
- A música e a danza: funcións no ámbito sociocultural dos alumnos e das alumnas.
- A información musical: a obra e as súas características formais; contextualización do feito musical; interrelación con outras áreas; algúns estilos básicos e a música en distintos espazos.
- A música e o movemento nos medios de comunicación social.
- A música noutras culturas.

Bloque 2. - Interpretación e Creación

- Emisión de voz, técnica vocal. Entoacións.
- Prosodias rítmicas e retahílas.
- A canción: tipos e formas de cancións; aspectos musicais e expresivos dunha canción.
- Aspectos expresivos: intencións comunicativas do canto; proposta de inicio ou arranque; elementos que contextualizan o canto; elementos musicais e expresivos.
- Tipos de voces para a música. Diferentes usos da voz.
- Coñecemento dun repertorio axeitado de cancións.
- Cancións ao unísono e iniciación á polifonía.
- O corpo como instrumento musical.
- Posibilidades sonoras instrumentais dende varias ópticas.
- Familias instrumentais: tipos e agrupacións.
- Instrumentos escolares para acompañar cancións e danzas.
- Fruta doce. Recomendacións: dixitación, respiración, control postural e articulación.
- Fruta: notas das escalas de Do M.
- Coñecemento dun repertorio axeitado de pezas interpretads coa fruta doce..
- As pezas instrumentais: tipos e formas.
- Elementos que configuran a peza instrumental: musicais (ritmo, melodía, harmonía e forma) e expresivos (intensidade, tempo, timbre, articulación e fraseo).
- Instrumentos escolares para acompañar cancións e danzas.
- O movemento expresivo e a música: formas básicas.
- A danza como forma organizada de movemento.
- Tipos de danza.



CONTRIBUCIÓN DA EDUCACIÓN ARTÍSTICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

A área de Educación artística contribúe á adquisición da *competencia cultural e artística* axudándolle ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que lle rodea. A posibilidade de representar unha idea de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes artísticas proporcionan, favorece a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, ao mesmo tempo que ensina a respectar outras formas de pensamento e expresión.

A área, ao propiciar o achegamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto do contorno máis próximo coma doutros pobos, dota os alumnos e as alumnas de instrumentos para valoralas e para formular opinións cada vez máis fundamentadas no coñecemento. Deste xeito, poden ir configurando criterios válidos en relación cos produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de lecer.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Autonomía e iniciativa persoal.

O proceso que leva o neno desde a exploración inicial ata o produto final require dunha planificación previa e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais, non-estereotipados.

A creatividade esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade, á busca de formas innovadoras, senón que tamén xera flexibilidade pois ante un mesmo suposto poden darse diferentes respostas.

- Manipular materiais e adquirir a bagaxe plástica expresiva.
- Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.
- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.

Competencia social e cidadá.

No ámbito da Educación artística, a interpretación e a creación supoñen, en moitas ocasións, un traballo en equipo. Esta circunstancia esixe cooperación, asunción de responsabilidades, seguimento de normas e instrucións, coidado e conservación de materiais e instrumentos, aplicación de técnicas concretas e utilización de espazos de maneira apropiada.

- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de xeito apropiado.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.



Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

Contribúese á apreciación do contorno a través do traballo perceptivo con sons, formas, cores, liñas, texturas, luz ou movemento presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas. A área sèrvese do medio como pretexto para a creación artística, explóralo, manipúlao e incorpóralo recreándoo para darlle unha dimensión que proporcione goce e contribúa ao enriquecemento da vida das persoas. Así mesmo, ten en conta outra dimensión igualmente importante, a que compete ás agresións que deterioran a calidade de vida, como a contaminación sonora ou as solucións estéticas pouco afortunadas de espazos, obxectos ou edificios, axudándolles aos nenos e ás nenas a tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.

- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través de cores, formas, sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

Competencia para aprender a aprender.

Favorécese a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, coa fin de que os coñecementos adquiridos doten os nenos e as nenas dunha bagaxe suficiente para utilízalos en situacións diferentes. O desenvolvemento da capacidade de observación presenta a conveniencia de establecer pautas que a guíen, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente. Neste sentido, a área axuda a adquirir competencia en aprender ao proporcionar protocolos de indagación e planificación de procesos susceptibles de seren utilizados noutras aprendizaxes.

- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas e espazos.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Competencia en comunicación lingüística.

Pódese contribuír, como desde todas as áreas, a través da riqueza dos intercambios comunicativos que se xeran, do uso das normas que os rexen, da explicación dos procesos que se desenvolven e do vocabulario específico que a área achega. De forma específica, cancións ou sinxelas dramatizacións son un vehículo propicio para a adquisición de novo vocabulario e para desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción ou a articulación. Desenvólvese, así mesmo, esta competencia na descrición de procesos de traballo, na argumentación sobre as solucións dadas ou na valoración da obra artística.

- Valorar a obra artística.
- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.



Tratamento da información e competencia dixital.

Contribúese a través do uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e para achegar ao alumnado á creación de producións artísticas e á análise da imaxe e o son e das mensaxes que estas transmiten. Tamén se desenvolve a competencia na busca de información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce, para seleccionar e intercambiar informacións referidas a ámbitos culturais do pasado e do presente, próximos ou doutros pobos.

- Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- Analizar a imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.
- Usar a tecnoloxía para o tratamento de imaxes visuais.
- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música e coas artes visuais.

Competencia matemática.

Aínda que en menor medida, a área contribúe ao desenvolvemento da *competencia matemática* ao abordar conceptos e representacións xeométricas presentes na arquitectura, no deseño, no mobiliario, nos obxectos cotiáns, no espazo natural, e naquelas ocasións nas que se necesitan referentes para organizar a obra artística no espazo. Así mesmo, cando en música se traballan o ritmo ou as escalas, estase facendo unha achega ao desenvolvemento da competencia matemática.

- Representar xeometricamente os esquemas de debuxo e as formas de seres e obxectos cotiáns.
- Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a validez destes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

ÁREA DE PLÁSTICA:

1.Describir as características de elementos presentes no contorno e as sensacións que as obras artísticas provocan.

Quérese comprobar con este criterio se son capaces de mostrar os coñecementos adquiridos na observación por medio de descricións e informacións relevantes sobre elementos da linguaxe visual e musical presentes nas manifestacións artísticas e no contorno e de expresar oralmente as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico.

2.Usar adecuadamente algúns dos termos propios da linguaxe plástica en contextos precisos, intercambios comunicativos, descrición de procesos e argumentacións.

Trátase de comprobar se o alumnado incorporou algúns dos termos técnicos propios das linguaxes artísticas nas súas explicacións e descricións, se os emprega nas situacións apropiadas e si pode trasladar eses coñecementos a outros contextos nos que lle poden ser útiles.

3.Interpretar o contido de imaxes e representacións do espazo presentes no contorno.



Trátase de comprobar se o alumnado pode explicar a información que conteñen os sinais, os signos, os símbolos e os tipos de planos que se utilizan máis habitualmente no seu medio, a relación que existe entre estas representacións e a función expresiva, comunicativa ou informativa que as caracteriza, coa finalidade de elaborar mensaxes propias que transmitan unha información básica.

4. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.

Trátase de comprobar se na observación e na manipulación de materiais obtiveron datos suficientes para establecer algunha pauta sobre as súas características, se poden especificalas e organizar clasificacións elementais ben sexa por semellanza, ben por oposición.

CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN - PLÁSTICA

1. Describir as características de elementos presentes no contorno e as sensacións que as obras artísticas provocan.
2. Usar adecuadamente algúns dos termos propios da linguaxe plástica en contextos precisos, intercambios comunicativos, descrición de procesos e argumentacións.
3. Interpretar o contido de imaxes e representacións do espazo presentes no contorno.
4. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.

CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN 2º CICLO MÚSICA

- Comprender o concepto de pulso e o ritmo.
- Interpretar cancións traballando tódolos aspectos das mesmas (ritmo, melodía, forma, intensidade, fraseo, carácter)
- Comprender a función do pentagrama e da clave de Sol e o concepto de escala musical.
- Coñecer a entoación, escritura e fononimias das notas da escala de Do M.
- Identificar e relacionar diferentes elementos da linguaxe musical.
- Aprender as notas da escala de Do M, a súa posición na frauta.
- Coñecer as recomendacións básicas para interpretar coa frauta.
- Interpretar correctamente coa frauta as melodías propostas.
- Realizar acompañamentos con IPAI E CON IPAD.
- Recoñecer de modo auditivo e visual diferentes instrumentos populares.
- Distinguir e identificar visual e auditivamente as tres familias de instrumentos: Corda, Vento e Percusión.
- Saber interpretar un musicograma.
- Interpretar partituras e musicogramas a través da voz, do corpo ou de instrumentos.
- Asimilar os planos e figuras corporais na realización de coreografías.
- Asimilar as posicións básicas do movemento
- Coñecer posibilidades de desprazamento nas danzas.
- Interpretar en grupo sinxelos esquemas rítmicos.
- Crear e interpretar esquemas rítmicos.
- Asistir a clase co material escolar necesario para o bo desenvolvemento das actividades.



6.INGLÉS

OBXECTIVOS.-

- escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.
- Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
- Ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
- Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
- Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
- Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
- Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara as mesmas.
- Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
- Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Comunicación lingüística

- 1.-Expresar oralmente pensamentos, emocións, vivencias e opinión de xeito sinxelo.
- 2.-Adequar a fala a situacións comunicativas variadas, controlando os elementos non verbais e respectando as regras propias do intercambio comunicativo.
- 3.-Ter conciencia das convencións sociais e culturais, a hora de producir textos.
- 4.-Comprender distintos tipos de textos propios do ámbito académico recoñecendo a súa intención comunicativa e os seus trazos formais.
- 5.-Gozar da lectura e, a través dela descubrir outros idiomas e culturas.
- 6.-Tomar conciencia da necesidade de respectar as normas ortográficas na produción de textos escritos.
- 7.- Coñecer os principais procedementos de formación de palabras como instrumento para ampliar o léxico.
- 8.- Utilizar un vocabulario suficientemente amplo para expresarse oralmente e por escrito con propiedade e precisión en situación concretas.
- 9.- Compór textos propios de ámbito académico, adecuados ao propósito comunicativo.
- 10.- Escribir textos para expresar ideas, sentimentos e experiencias.

Tratamento da información e competencia dixital



- 1.-Buscar, procesar e comunicar información na lingua estranxeira para transformala en coñecemento utilizando sistemas informáticos ou internet.
- 2.- Analizar de xeito crítico a información obtida.

Social e cidadá

- 1.-Coñecer e practicar o diálogo como ferramenta básica de comunicación interpersonal e de resolución de conflitos.
- 2.- Coñecer os valores que caracterizan una sociedade democrática:
Liberdade, solidariedade, participación, cidadanía, tolerancia.
- 3.- Valorar a pluralidade lingüística como una riqueza cultural.

Artística e cultural

- 1.- Apreciar a diversidade cultural a partir de diferentes manifestacións artísticas.

Aprender a aprender

- 1.- Coñecer e utilizar de xeito habitual as principais estratexias e técnicas que favorecen o traballo intelectual.
- 2.- Utilizar diferentes recursos e fontes para a recollida e tratamento da información.

Autonomía e iniciativa persoal

- 1.-Actuar con iniciativas e creatividade persoal.
- 2.- Desenvolver as habilidades sociais.

CONTIDOS TERCEIRO CURSO

- Situacións funcionais de comunicación: Auto-presentación e presentacións doutras persoas, preguntas e respostas sobre información persoal, saúdos, fórmulas de cortesía, instrucións e peticións, identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...
- Vocabulario básico:
 - Os números do 1-100
 - As cores
 - O abecedario.
 - Os xoguetes: toy, bike, drum, car, phone, dog, ball, doll, kite.
 - A familia: mum, dad, granny, grandad, sister, brother.
 - Os animais: snake, crocodile, monkey, zebra, parrot, elephant, lion, giraffe.
 - Os hábitats: grass, tree, plants, river,...
 - Os obxectos da clase: book, ruler, pen, sharpener, rubber, pencil case, felttip.
 - O colexio: classroom, toilet, library, dining room, playground, garden.
 - Os deportes: skate, play tennis, ride a bike, ski, dance, play football, swim.
 - Os instrumentos: drum, trumpet, guitar, piano, recorder, violin, big bass drum.
 - A comida: sandwiches, bananas, ice cream, tomatoes, eggs, cheese, chocolate, crisps, chicken, sausages, chips, salad, rice, bread.
 - A roupa: shoes, socks, shirt, skirt, trousers, jumper, dress, T-shirt, sandals, sunglasses, cap, shorts, trainers, swimsuit.
 - Os mobles e os aparatos eléctricos: bed, chair, bath, tv, sofa, fridge, table, radio, computer, CD player.
 - Preposicións: in, on, under, behind.



- Estructuras básicas:
 - Preguntas e respostas sobre información personal: What's your name?, How old are you?, How do you spell...?, What colour is...? What's this?, It's a...,
 - Ordes da clase: Pick up, put down, open, close, do it again
 - Expresar posesión: , Have you got...?, Yes, I have, No, I haven't,
 - Expresar habilidade e facer peticións: Can you...?, Yes, I can, No I can't, I/He/She can/can't..., Here you are, Thank you
 - Expresar gustos e preferencias: What's your favourite food?, Do you like...?, Yes, I do/ No, I don't, I like..., I don't like...
 - Falar da rutina diaria: I have...for breakfast/lunch/dinner
 - Facer descrições físicas de persoa: What's he/she wearing?, He's/She's wearing..., I'm wearing..., a/an+adxectivo+cor+substantivo
 - Localizar obxectos, describir lugares: Where's the? It's in the..., There's a..., There isn't a..., It's+preposición+lugar

- Pronunciación:
 - Aspectos fonéticos, ritmo, acentuación e entoación das estruturas, cancións e chants traballadas

- Aspectos socioculturais: Halloween, Christmas, Easter, os hobbies e a moda.

CONTIDOS DE CUARTO CURSO

- Situacións funcionais de comunicación:
Autopresentación e presentacións doutras persoas, preguntas e respostas sobre información persoal, fórmulas de cortesía, instrucións e peticións, conversas telefónicas; peticións; compravenda; saúdos; identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...

- Vocabulario básico:
 - Os números do 1-100
 - As cores
 - O abecedario.
 - TPR
 - Os prezos
 - Preposicións: To, by, on, in, under, from, in front of, next to, between, behind, above, opposite...
 - Os adxectivos: happy, angry, lazy, busy, hungry, thirsty...
 - As horas e os fusos horarios: What's the time?, It's....., o'clock, quarter past, quarter to, half past...
 - Os Deportes e as actividades de ocio.
 - Os puntos cardinais.
 - As partes do corpo.
 - Os sentidos.
 - As comidas e bebidas.
 - As rutinas diarias: get up, have breakfast/lunch/dinner, go to school, have lessons, go home, go to bed.
 - Os medios de transporte: train, plane, bus, motorbike, taxi, helicopter, boat, lorry...



- Asignaturas escolares: PE, English, Geography, Maths, History, Science.
- O medio ambiente: pollute, waste, recycle, have an engine, leave taps on, collect rain water, water plants, draw only on one side, put..., in the recycling bin.
- Os lugares da cidade: station, supermarket, bank, cinema, café, zoo, park, swimming-pool, museum
- O conto: os contos de fadas

- Estructuras básicas das distintas unidades:
 - Preguntas e respostas sobre información persoal: What's your name?, How old are you?, What's he/she wearing?, He's/She's wearing..., I'm wearing..., Where is he/she from?, He/she is from..., What's this?, It's a..., How do you spell...?, Where's the...?,
 - Expresar gustos e preferencias: What's your favourite food?, Do you like...?, Yes, I do/ No, I don't, I like..., I don't like..., What's the time?, It's..., He/She likes, He/She doesn't like, It's in the...,
 - Expresar posesión: He's/She's got..., Has he/she got...?, Yes, he/she has, No, he/she hasn't,
 - Localizar obxectos: There's a..., There isn't a..., There's some...in/on...,
 - Facer peticións e responder: Can I have some...? Yes, of course, No, sorry, Here you are
 - Expresar a rutina diaria en 1º e 3ª persoa: I get up/have/go...at..., He/She gets up/has/goes...at..., She/He has breakfast/lunch/dinner at..., I go by+transport on+day of the week, He/She goes to...by..., How do you go to school? By...,
 - Falar do que se está facendo: I'm+verb -ing, He/She's verb -ing,
 - Describir a cidade: It's+preposición+lugar
 - Expresar habilidade: Can you...?, I can/can't..., How much is it?, It's....

- Pronunciación:

Aspectos fonéticos, ritmo, acentuación e entoación das estruturas, cancións e chants traballadas

Aspectos sococulturais: Bonfire Night, Christmas, Halloween, Pancake Day, as festas e a gastronomía, as compras.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

* Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse, para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais diferentes e semellantes á identidade galega (simboloxía, música, festas e xogos tradicionais).

* Amosar comprensión mediante respostas non verbais (xestos, movemento, actividades artísticas) a instrucións básicas dadas en situacións habituais na aula e no centro.

* Captar a información máis relevante e identificar información global en mensaxes diversas que inclúan textos orais, sobre temas familiares e de interese para os nenos e as nenas.



- * Participar comprensivamente en situacións de comunicación (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas dos intercambios orais e empregando formas lingüísticas e non lingüísticas.
- * Memorizar e producir textos orais coñecidos previamente e de interese para os nenos e as nenas mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións e interaccións dirixidas.
- * Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos, en soporte papel e dixital, sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística de nenos e de nenas.
- * Producir mensaxes escritas significativas en que aparezan enunciados e textos curtos a partir de modelos, cunha finalidade determinada e cun formato preestablecido, tanto en soporte papel como dixital.
- * Usar formas e estruturas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos e motivadores de forma significativa previas a dramatizacións, cancións...
- * Coñecer e empregar funcionalmente algunhas estratexias para aprender a aprender e identificar algunhas características persoais que axudan a aprender mellor.
- * Amosar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios sobre a cultura que están a estudar as nenas e os nenos con diversas finalidades: exposición na aula no rexistro de aprendizaxe, inclusión no cartafol propio, achegas a un determinado traballo colectivo en rede, ou outros do seu interese.
- * Respetar as diferenzas de todo tipo adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.
- * Amosar confianza e interese por transmitir algúns aspectos da nosa cultura a outros nenos e outras nenas, empregando o idioma estranxeiro a través de formatos e linguaxes diversas e valorando positivamente o que podemos ofrecer.
- * Producir mensaxes sinxelas propias a partir dun contexto concreto utilizando a educación artística, as tecnoloxías da información e da comunicación...

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- Comprender e reproducir oralmente e por escrito o vocabulario traballado na aula: os números do 1 ao 100, cores, obxectos da aula, actividades da aula e do tempo de lecer, animais, comida, adxectivos, prendas de vestir, actividades diarias (rutinas), días da semana, meses, medios de transporte, asignaturas, partes da casa e da cidade, preposicións,...
- Comprender, reproducir e contestar preguntas persoais (nome, idade)
- Comprender e producir oralmente e por escrito preguntas e respostas sobre a hora (o'clock, half past, quarter to/past)
- Deletrear palabras en inglés



- Comprender e producir oracións nas que se expresen gustos e preferencias (I like/don't like; he/she likes/doesn't like)
- Comprender e realizar breves descrições do corpo (I've got / She's got / He's got) e a roupa (I'm / He's / She's wearing)
- Expresar posesión (verbo have got)
- Comprender e expresar habilidade e facer peticións co verbo "can"
- Expresar sentimentos, estados de ánimo (I'm, he's, she's,...)
- Describir unha casa ou unha cidade (There's) localizando obxectos coa preposición axeitada
- Describir a rutina diaria e o horario escolar (on+días da semana, at+horas, by+medios de transporte, asignaturas,...)
- Expresar accións que están ocorrendo no momento de falar (to be + -ing)
- Amosar respecto por costumes e tradicións dos países de fala inglesa
- Interese por participar axeitadamente nas actividades da aula
- Esfuerzo diario por rematar as tarefas propostas realizándoas con corrección e claridade

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Follas de observación diaria
- Observación e revisión do traballo persoal do alumno/a
- Exames e probas orais e escritas
- Probas sobre os obxectivos mínimos que deben acadar en cada ciclo (ao remate do ciclo, - faráse unha proba sobre estes contidos para aquel alumnado que teña varias avaliacións suspensas). No caso de que dita proba constase de varias partes, débense superar todas elas para poder ser cualificado positivamente. Esta proba será cualificada coas notas de suficiente ou insuficiente
- Revisión do Busy Book e outros traballos
- Autoavaliación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Valorarásese:

-
- O traballo persoal do alumno/a na clase: corrección e limpeza do traballo no caderno e doutros traballos, autonomía persoal, participación na clase,...- 30%
 - O interese, actitude e esforzo educativo. -----10%
 - Cualificacións en probas orais e escritas----- 60%

Para adxudicar aos alumnos/as unha nota final terase en conta o nivel de consecución dos obxectivos marcados, así como os puntos expostos anteriormente.

Daráselle especial importancia ao traballo persoal, á realización das tarefas e á participación nas actividades, así como ao interese e actitude amosados



7. EDUCACIÓN FÍSICA

OBXECTIVOS

1. Afianzar o coñecemento do seu corpo tomando conciencia da mobilidade corporal e independizando segmentos superiores e inferiores do eixe corporal.
2. Comezar a manexar o seu lado non dominante. Consolidar a lateralidade.
3. Iniciar o coñecemento da respiración abdominal a diferenza da respiración torácica en exercicios moi dirixidos e co corpo en parado. Tomar conciencia do mecanismo de respiración e das partes do corpo que interveñen para realizar esta función.
4. Mellorar a capacidade de relaxación dirixida, empregando diferentes técnicas. Diferenciar os estados de contracción e descontracción para lograr unha maior relaxación.
5. Tomar conciencia e explorar situacións de equilibrio estático e dinámico.
6. Utilizar as nocións topolóxicas para orientarse no espazo con relación á posición dos outros e dos obxectos.
7. Coñecer e diferenciar as accións de lanzar, recibir e interceptar.
8. Coñecer e utilizar diferentes formas de desprazarse, saltar e xirar, e as direccións e sentidos destas accións.
9. Reproducir estruturas rítmicas coñecidas mediante o movemento corporal ou con materiais propios da Educación Física.
10. Utilizar o corpo como medio para dar respostas espontáneas e creativas que pretendan unha sinxela pero consciente comunicación xestual, imitativa, etc.
11. Participar e disfrutar coas actividades físicas axustando a súa actuación ao coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento, valorando o esforzo realizado.
12. Practicar as distintas normas, rutinas e actividades no coidado do corpo e hábito de posturas correctas.
13. Adoptar as medidas necesarias cara a prevención de accidentes.
14. Coñecer e practicar diferentes xogos e actividades físicas (predeportivos, motores, populares, actividades na natureza...).
15. Respetar as normas establecidas nos xogos recoñecendo a súa necesidade para unha correcta organización e desenvolvemento dos mesmos.
16. Controlar condutas que desestabilicen a harmonía do grupo en xogos de cooperación e oposición.
17. Utilizar o seu aparello motor para a resolución de problemas que impliquen unha adecuada percepción espazo-temporal.
18. Coidar o material e os lugares onde se desenvolve a práctica da actividade física.
19. Mostrar interese nos xogos e danzas tradicionais e populares de Galicia practicándoos e buscando información sobre eles.

CONTIDOS

3º NIVEL

1. O corpo: imaxe e percepción

- O esquema corporal global e segmentario.



- Conciencia e control do corpo en relación coa tensión, coa relaxación global e segmentaria e coa respiración.
- Condutas motrices de base: control postural, equilibrio, ton, respiración e relaxación.
- Elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento.
- Consolidación da lateralidade e da súa proxección no espazo.
- Equilibrio estático, dinámico e con obxectos en situacións coñecidas.
- Estruturación espacial e temporal en diversas situacións: relacións espaciais (sentido, dirección, orientación, simetría corporal), relacións temporais (velocidade, ritmo, duración, secuencia).
- Independencia dos membros superiores e inferiores do eixo corporal.
- Adecuación da postura ás necesidades expresivas e motrices.
- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da do resto das persoas.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades.

2. Habilidades motrices

- Práctica das habilidades motrices básicas: desprazamentos, saltos, xiros e lanzamentos/recepcións.
- Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución motriz.
- Uso eficaz das habilidades e das destrezas en situacións motrices coñecidas e tarefas lúdico- motrices.
- Execución de movementos coordinados desde un punto de vista motor.
- Disposición favorable a participar en actividades diversas, esforzándose e aceptando as diferenzas individuais en canto á habilidade para executalas.

3. Actividades físicas artístico-expresivas

- O corpo como medio de comunicación (comprensión e expresión): xesto, movemento, mímica, danza e dramatización.
- Representación de obxectos e de personaxes reais e ficticios en diferentes situacións (utilizando ou non obxectos e materiais).
- Expresión de ideas, de emocións e de sentimentos a través do corpo, do xesto e do movemento.
- Adecuación do movemento a ritmos diversos e a estruturas espazo- temporais.
- Execución de danzas, de bailes e de coreografías simples.
- Postura sa e expresiva.
- Participación desinhibida en situacións que supoñan comunicación corporal, valorando as diferenzas no xeito de expresarse.
- Gozo mediante a expresión e a comunicación a través do propio corpo.

4. Actividade física e saúde

- Exercicio e saúde.
- Actividade física para unha vida saudable.
- Alimentación e exercicio físico.
- O coidado da postura na actividade física.
- Detección do risco e valoración das propias posibilidades na práctica de actividades físicas.
- Medidas básicas de seguridade e de prevención de accidentes na práctica da actividade física.



- Uso correcto dos materiais e dos espazos, adoptando medidas básicas de seguridade e prevención durante a práctica da actividade física.
- Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.

5. Xogos e actividades deportivas.

- Xogo libre e xogo organizado.
- Factores do xogo: espazo, movemento e regras.
- O xogo limpo.
- Respecto cara as persoas participantes no xogo, valorando o esforzo e rexeitando os comportamentos antisociais.
- Comprensión, aceptación e cumprimento das regras e das normas de xogo e actitude responsable con relación ás estratexias acordadas..
- Experimentación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, coa oposición e coa cooperación/oposición.
- Busca de información sobre xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia e do mundo...
- Participación e práctica de xogos diversos (tradicionais, de habilidade, etc), de actividades de iniciación predeportiva e actividades na natureza (sendeirismo).
- Valoración do xogo e das actividades deportivas e da natureza como medio de gozo, de relación e de emprego do tempo de lecer.

4º NIVEL

1. O corpo: imaxe e percepción

- Interiorización do esquema corporal e utilización dos elementos orgánico- funcionais no movemento.
- Consolidación da lateralidade e da súa proxección no espazo.
- Conciencia e control do corpo en relación coa tensión, coa relaxación global e segmentaria e coa respiración.
- Equilibrio estático, dinámico e con obxectos en situacións coñecidas.
- Adecuación da postura ás necesidades expresivas e motrices.
- Estruturación espacial e temporal en diversas situacións.
- Eixos e planos corporais.
- Simetría corporal.
- Descubrimento de posibilidades corporais motoras.
- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da do resto das persoas.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades.

2. Habilidades motrices

- Práctica das habilidades motrices básicas: desprazamentos, saltos, xiros e lanzamentos/recepcións.
- Posibilidades e formas de movementos: carreira, salto, xiro, rubes, lanzamentos, recepcións, etc.
- Combinación de habilidades.



- Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución motriz.
- Calidade de movementos.
- Uso eficaz das habilidades e das destrezas en situacións motrices coñecidas e tarefas lúdico- motrices.
- Execución de movementos coordinados desde un punto de vista motor.
- Disposición favorable a participar en actividades diversas, esforzándose e aceptando as diferenzas individuais en canto á habilidade para executalas.

3. Actividades físicas artístico-expresivas

- O corpo como medio de comunicación (comprensión e expresión): xesto, movemento, mímica, danza e dramatización.
- Representación de obxectos e de personaxes reais e ficticios en diferentes situacións (utilizando ou non obxectos e materiais).
- Expresión de ideas, de emocións e de sentimentos a través do corpo, do xesto e do movemento.
- Adecuación do movemento a ritmos diversos e a estruturas espazo- temporais.
- Execución de danzas, de bailes e de coreografías simples.
- Participación desinhibida en situacións que supoñan comunicación corporal, valorando as diferenzas no xeito de expresarse.
- Gozo mediante a expresión e a comunicación a través do propio corpo.

4. Actividade física e saúde

- Exercicio e saúde.
- Actividade física para unha vida saudable.
- Alimentación e exercicio físico.
- O coidado da postura na actividade física.
- A tensión na actividade física e a volta á calma.
- Detección do risco e valoración das propias posibilidades na práctica de actividades físicas.
- Medidas básicas de seguridade e de prevención de accidentes na práctica da actividade física.
- Uso correcto dos materiais e dos espazos, adoptando medidas básicas de seguridade e prevención durante a práctica da actividade física.
- Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.

5. Xogos e actividades deportivas

- Factores do xogo: espazo, movemento e regras.
- Materiais para xogar.
- O xogo limpo.
- Respecto cara as persoas participantes no xogo, valorando o esforzo e rexeitando os comportamentos antisociais.
- Comprensión, aceptación e cumprimento das regras e das normas de xogo e actitude responsable con relación ás estratexias acordadas.
- Experimentación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, coa oposición e coa cooperación/oposición.



- Participación e práctica de xogos diversos (tradicional, de habilidade, etc), de actividades de iniciación predeportiva e actividades na natureza (sendeirismo).
- Busca de información sobre xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia e do mundo...
- Valoración do xogo e das actividades deportivas e da natureza como medio de gozo, de relación e de emprego do tempo de lecer.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística.

A Educación física desenvolve esta competencia xa que nas actividades físicas danse una gran variedade de intercambios comunicativos. Na nosa área xorden moitas veces expresións de posicións no espazo por parte dos nenos que son incorrectas e insistimos no uso correcto (sobre todo en alumnos castelán falantes). Ademais é moi rico o vocabulario específico da área co que se vai enriquecendo o bagaxe lingüístico dos alumnos. Recóllese información oral e escrita relativa a aspectos da nosa área que logo se aplica nas distintas clases. Realízase un traballo de comprensión oral e escrita para posteriores dramatizacións e realízanse representacións lingüísticas.

Competencia matemática. Desenvolverase coa realización de certas actividades como:

- A apreciación de distancias, de traxectorias ou velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpeos e en calquera tarefa de manipulación de móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.
- Medicións.
- A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Aspectos que inflúen na boa adquisición de habilidades perceptivas e que son importantes na maioría das actividades.
- A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)
- Interpretación de símbolos nos xogos de orientación e percorridos de sendeirismo.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Desenvolvemos dita competencia coas seguintes aportacións:

- Aumento da percepción: Traballando a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorarase deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.
- Exploración e coñecemento do medio natural: algunhas das actividades da área de educación física realízanse no medio natural, o cal axudará ao alumnado a coñecer as súas características, os distintos espazos...
- Mellora da saúde e da calidade de vida: Contribúen á mellora da saúde e da calidade de vida o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados e de práctica de exercicio físico regular, así como dunha hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física.



Tratamento da información e competencia dixital.

O alumnado ten que buscar información usando medios como o oral, mass media ou as TIC para o traballo de xogos diversos (populares, do mundo...), danzas, adquisición e comprensión de vocabulario (aparatos e materiais relacionados coa área...), transmitir informacións a través da linguaxe corporal e interpretalas.

Competencia social e cidadá:

As características da educación física, sobre todo no referente á dinámica de relacións presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

- A través de xogos cooperativos, do diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.
- Con actividades nas que se participe de forma colectiva ou en grupo, asumindo os diferentes papeis e as regras do xogo, compartindo o éxito e o fracaso do equipo, discutindo e elixindo representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...
- É importantísimo potenciar o xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.
- Fomentando que coiden e respecten os materiais e espazos utilizados nas actividades físicas, promovemos comportamentos sociais e responsables coa contorna.

Competencia cultural e artística.

A educación física achégase a esta competencia:

- Apreciando a parte artística de certas execucións motrices e potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión e o coñecemento e realización de diferentes xogos e danzas. Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.

Competencia para aprender a aprender.

O logro desta competencia está en relación coa metodoloxía polo que se promoverá:

- Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase teña que buscar a colaboración de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.
- Un axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións, favorecendo o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.
- A creación de estratexias por parte das nenas e nenos con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos.

Autonomía e iniciativa persoal.

Abordarase na educación física dende varias perspectivas:



- Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como mellorando a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe en autonomía e os movementos sexan máis ricos e variados.
- Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.
- Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos aumentan a autonomía do alumnado para realizar as accións.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

3º NIVEL

1. Utilizar e controlar as distintas partes do seu corpo en repouso e en movemento.
2. Orientarse no espazo con relación ás posicións doutros compañeiros e obxectos.
3. Sincronizar os seus movementos corporais coas circunstancias dunha actividade: intensidade, duración e espazo no que se desenvolve.
4. Realizar movementos de forma coordinada e axustando a postura e o equilibrio corporal á actividade física.
5. Disfrutar de sensacións de relaxación.
6. Comprender mensaxes producidas co corpo.
7. Imitar e representar situacións de forma individual e en grupos.
8. Desinhibirse e superar o medo ao ridículo nas actividades de expresión.
9. Reproducir estruturas rítmicas a través do movemento corporal.
10. Executar bailes colectivos e por parellas de forma coordinada.
11. Participar e colaborar activamente e con interese en calquera actividade física aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.
12. Coñecer o distintos tipos de desprazamentos, aplicándoos a situacións diversas.
13. Saltar coordinadamente, batendo cunha ou ambas pernas segundo a situación.
14. Ser capaz de realizar os xiros propostos sobre distintos eixes corporais.
15. Botar coordinadamente en estático e en desprazamento.
16. Lanzar, recepcionar e interceptar correctamente coa man.
17. Controlar co pé obxectos móbiles en repouso e en movemento.
18. Coñecer diferente material (móbiles e implementos) e adaptar os movementos a eles.
19. Recoller algún xogo tradicional de Galicia e do mundo en distintas fontes incluído internet e contarlles aos demais como xogar.
20. Respetar as regras dos xogos.
21. Participar activamente nos xogos e nas actividades que se realicen no centro e no medio natural.
22. Respetar as pautas de actuación na saída ó medio natural indicadas previamente (alimentación, bebida, actitude no percorrido, etc.).
23. Traer ás clases a roupa e calzado axeitado para a práctica de actividade física sen dar importancia á marca: chándal, camiseta e calzado deportivo e por en práctica as normas básicas de aseo (lavar as mans, axilas, cara e cambiar a camiseta) ao final de cada sesión, para o que deben traer xabón ou xel, toalla e unha camiseta nunha bolsa.
24. Ter en conta as medidas de seguridade indicadas.



4º NIVEL

1. Utilizar e controlar as distintas partes do seu corpo en repouso e en movemento.
2. Orientarse no espazo con relación ás posicións doutros compañeiros e obxectos.
3. Sincronizar os seus movementos corporais coas circunstancias dunha actividade: intensidade, duración e espazo no que se desenvolve.
4. Realizar movementos de forma coordinada e axustando a postura e o equilibrio corporal á actividade física.
5. Disfrutar de sensacións de relaxación.
6. Comprender mensaxes producidas co corpo.
7. Imitar e representar situacións de forma individual e en grupos.
8. Desinhibirse e superar o medo ao ridículo nas actividades de expresión.
9. Reproducir estruturas rítmicas a través do movemento corporal.
10. Executar bailes colectivos e por parellas de forma coordinada.
11. Participar e colaborar activamente e con interese en calquera actividade física aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.
12. Coñecer o distintos tipos de desprazamentos, aplicándoos a situacións diversas.
13. Saltar coordinadamente, batendo cunha ou ambas pernas segundo a situación.
14. Ser capaz de realizar os xiros propostos sobre distintos eixes corporais.
15. Botar coordinadamente en estático e en desprazamento.
16. Lanzar, recepcionar e interceptar correctamente coa man.
17. Controlar co pé obxectos móbiles en repouso e en movemento.
18. Coñecer diferente material (móbiles e implementos) e adaptar os movementos a eles.
19. Recoller algún xogo tradicional de Galicia e do mundo en distintas fontes incluído internet e contarlles aos demais como xogar.
20. Respetar as regras dos xogos.
21. Participar activamente nos xogos e nas actividades que se realicen no centro e no medio natural.
22. Respetar as pautas de actuación na saída ó medio natural indicadas previamente (alimentación, bebida, actitude no percorrido, etc.).
23. Traer ás clases a roupa e calzado axeitado para a práctica de actividade física sen dar importancia á marca: chándal, camiseta e calzado deportivo e por en práctica as normas básicas de aseo (lavar as mans, axilas, cara e cambiar a camiseta) ao final de cada sesión, para o que deben traer xabón ou xel, toalla e unha camiseta nunha bolsa.
24. Ter en conta as medidas de seguridade indicadas.

CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Diferenciar e controlar as partes do seu corpo ao realizar movementos en situacións motrices coñecidas.
2. Desprazarse polo espazo en distintas posicións. Saltar de xeito coordinado.
3. Facer xiros sinxelos como: rodar ou dar un medio xiro no aire.
4. Utilizar os pases, lanzamentos e recepcións de móbiles, así como bote e conducións de pelotas, nos xogos e actividades físicas.
5. Reproducir estruturas rítmicas sinxelas cos movementos do corpo.
6. Representar utilizando os movementos do corpo e a linguaxe, situacións sinxelas próximas a eles.



7. Adoptar as medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenvolvemento da actividade física.
8. Traer ás clases a roupa e calzado axeitado para a práctica de actividade física sen dar importancia á marca: chándal, camiseta e calzado deportivo e por en práctica as normas básicas de aseo (lavar as mans, axilas, cara e cambiar a camiseta) ao final de cada sesión, para o que deben traer xabón ou xel, toalla e unha camiseta nunha bolsa.
9. Participar e colaborar activamente e con interese en calquera actividade física aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.
10. Respetar as normas, á mestra, aos compañeiros/as independentemente das súas características e capacidades, o espazo e o material en todas as actividades físicas.
11. Practicar con interese os xogos populares tradicionais galegos traballados nas clases.

8. RELIXIÓN CATÓLICA

OBXECTIVOS

1. Recoñecer as principais características da Biblia como Palabra de Deus e a súa relación cos cristiáns.
2. Comparar as principais características do xudaísmo, do cristianismo e do islamismo.
3. Coñecer o Deus Creador da Biblia e da fe cristiá, en relación con algún relato da Antigüidade sobre a orixe do mundo.
4. Coñecer e aplicar os comportamentos e actitudes necesarios para relacionarse persoalmente con Xesucristo como o mellor amigo.
5. Tomar conciencia da revelación e acción salvadora de Deus a través de Moisés e os acontecementos e personaxes do pobo de Israel.
